A campaña antisoviética perfílase claramente nunha circular do Arcebispo de Santiago, da que recollemos uns párrafos: "El recrudecimiento de la campaña antirreligiosa en Rusia,

(107).-B.O.O.T. Año LXV (1.928), pp. 91-93.

que ha culminado en las pasadas fiestas de Navidad, en la que, con el apoyo oficial de un gobierno que no tiene otras aspiraciones sino el embrutecimiento

y la ruina moral y material del pueblo ruso, se han organizado los espectáculos más sacrílegos y repugnantes, ha movido una vez más al Padre común de la Cristiandad al levantar su voz en defensa de los más elementales derechos de tantos millones de hombres esclavizados, y a denunciar ante el mundo unos hechos que son baldón de la pretendida civilización insuperable de nuestros días, y que pisotean con el más cínico sarcasmo todas las libertades de que tanto blasonan las presentes generaciones."(108). A circular remata pedindo misas en todo o orbe católico pra tratar de remediar as inxustizas que, por mor do comunismo, sofre o pobo ruso.

2.3.3. UN CASO ESPECIAL: AS RELACIÓNS DA IGREXA CO FASCISMO.

Durante a primeira guerra mundial ou despois dela xurdiron en case que tódolos estados europeos movementos políticos caracterizados por un repudio radical da democracia parlamentaria, do movemento obreiro organizado e da teoría política do marxismo, así como por unha ideoloxía nacionalista e anticapitalista. Claro é que o anticapitalismo dos programas sempre estivo en contradición coa función política e social do fascismo e coa súa práctica política.

Sempre que alcanzou o poder, o fascismo implantou un sistema

político caracterizado pola monopolización da forza política, a destrución de tódalas organizacións obreiras e das institucións do estado de dereito burgués, a tendencia á expansión bélica. Pero, por moito que modificasen a estrutura política daqueles países, en troques eses movementos non alteraron a estrutura social, e a contradición entre produción social e apropiación privada seguiu en pé, polo que a explotación dunha clase social por outra continuouse a dar, a saber, a burguesía, clase propietaria dos medios de produción, igual quedándose coa plusvalía producida polo traballo da clase produtora, do proletariado. E así como o fascismo non atentou contra os intereses da burguesía.

Atendendo á teoría marxista da relixión, según a cal ésta cumple na sociedade unha función alienante en favor do "statu quo", é dicir, en favor da clase no poder, a burguesía, os enfrentamentos entre a Igrexa e o fascismo non xurdirían nunca pola defensa dos intereses dunhas clases antagónicas, xa que, tanto relixión como fascismo, estarían ao servizo da clase dominante.

Nembargantes, entre a Igrexa e o fascismo houbo enfrentamentos. O fascismo viña acompañado dun espíritu laico e anticlerical, producido sobre de todo pola labor de intelectuais seudoprogresistas que colaboraron cos grupos fascistas. Pero este espírito laico foise perdendo tan pronto como os fascismos chegaban ao poder ao atoparen na Igrexa un bo colaborador na defensa dos intereses da burguesía. Como exemplo deste pequeno e efímero choque motivado polo laicismo intelectualoide

do fascismo atopámolo nunha condena que se fai das obras de D'Annunzio, especialmente de "Prose scelte" por ofensas á fe e ás costumes, polo bispado de Mondoñedo (109).

Pero os problemas máis graves entre a Igrexa e o fascismo, viñeron motivados pola concepción totalitaria do poder político, característica deste sistema. A Igrexa constituía no Vaticano un verdadeiro estado dentro do estado, polo que o enfrentamento entre o Papa e Mussolini non tardou moito tempo en producirse. A resposta da Igrexa foi inmediata en tódalas nacións: o fascismo era unha doutrina condenable.

Tamén a Igrexa galega anatemizou ao fascismo. Pero non se pode esquecer o compromiso da xerarquía eclesiástica coa Ditadura de Primo de Rivera, que estaba impregnada de principios fascistas. Esto obrigaba á Igrexa galega a dar, nas súas condenas do fascismo, unha de cal e outra de area. Así non terá reparo en subscribir o que segue:

"¿Es un descreído Mussolini? Es cierto -vaya a título de información- que el día 31 de octubre, fiesta de Cristo Rey, día en que se atentó contra la vida de Mussolini en Bolonia por el joven Zamboni, el Duce oyó misa de rodillas con gran devoción, según dice quien lo vio en un oratorio particular de la ciudad. Es cosa pública, además, según se dice, que tiene sus hijos en un colegio religioso y que últimamente se ha preocupado de su preparación para la primera comunión, y que

(109).-B.O.O.M. Año LXII (1.927), páx 189.

ha ido a visitar al Superior del colegio donde aquellos se educan." (110).

Co pacto de Letrán os choques entre o fascismo e a Igrexa católica desapareceron por completo. Tan pronto como se firmou o tratado, a Igrexa galega comezó coas loanzas a Mussolini, ao tempo que atacaba aos enemigos comúns.

"...entre esa secta (la masonería) mil veces maldita, pujante y tenebrosa, y la Iglesia por ella despojada, Mussolini, sabio conocedor de los intereses de su pueblo, cuyo engrandecimiento y prestigio tan eficazmente promueve, no ha vacilado en declararse por la libertad de la Iglesia, consustancial e inseparable de la libertad del Papa, órgano vivo del Evangelio, Maestro del mundo por voluntad y elección de Cristo. El que había advertido, y no erraba, que la masonería es obra de destrucción y decadencia, porque lo es de odio a la verdad, en tanto que la Iglesia evangelizadora y afianzadora de la paz, del orden, de la virtud y del trabajo, no puede menos de fomentar, producir y extender el progreso moral y material, según por la Historia se demuestra, y la siempre humana razón lo adivina. Vio, sí, el duce italiano con su maravillosa intuición de habilísimo político "que la única idea universal existente en Roma era la que irradiaba, cada vez más luminosa y fija, desde las alturas del Vaticano", y a esa idea, jamás eclipsada en el transcurso de los siglos, era fuerza posponer y arrinconar para

(110).-B.O.O.O. Año XCIV (1.927), páx 31.

siempre en bien de Italia y del mundo entero, todos los "triángulos" y "mandiles", amenazas y promesas, por temibles y halagadoras que fuesen, de la masonería en cualquiera de sus formas, socialismo, comunismo, rotarismo, etc." (111).

Que dúbida cabe, que Mussolini, antigo militante socialista, coñecía ben o papel que xogaba a Igrexa na sociedade. Así, non pode estrañar que, xa en 1.925, Mussolini dixera:

"Creo que un pueblo no puede llegar a ser grande, poderoso y consciente de sus destinos, si no es religioso, si no considera la Religión como un elemento esencial de su vida privada y pública." (112).

Pero continuemos coas loanzas que a Igrexa galega adicou no ano 1.929, ano do tratado de Letrán, a Mussolini.

"....el Tratado que ha devuelto al Papa su libertad y ha restablecido el derecho tantos años conculeado por un liberalismo político sometido dócilmente al odio irrefrenable de las logias masónicas, felizmente destruidas por la férrea mano de Mussolini." (113).

"El Dictador, con esos avances audaces y resueltos que en todo tiene, hace ya tres años que, con visión real y perfecta de las cosas, puso en su programa este punto de la solución de la cuestión romana...y sinceramente se puso a buscar el arreglo.

(111).-B.O.O.O. Año XCVI (1.929), pp.76-77.
(112).-B.O.O.O. Año XCII (1.925), páx. 191.
(113).-B.O.O.O. Año XCVI (1.929), páx. 88.

Para ello fue preciso que se barriese del gobierno a todos los ministros rutinarios y miedosos y que viniese un hombre nuevo a quien su corazón le lleva a buscar lo mejor para su pueblo y para el mundo entero." (114).

É doado decatarse de que a ideoloxía da Igrexa se confundía en aliada da clase no poder, é dicir, da burguesía, cumprindo unha misión alienadora de defensa do "statu quo" e en oposición permanente, polo tanto, ás ideoloxías revolucionarias.

Que dúbida cabe de que este análisis ideolóxico é idóneo, en certo xeito, a comprender a posterior actuación da Igrexa e a súa alianza co franquismo.

(114).-B.O.O.O. Año XCVI (1.929), páx. 90.

3. A EIREXA E A LOITA DE CLASES.

3.1. A IGREXA: UNHA CONCIENCIA E PRÁCTICA DE CLASE

"El concepto de clase social, en la interpretación de Marx, no está referido exclusivamente a la estructura económica de la formación social, sino por el contrario, al conjunto de estructuras y a las interrelaciones que existen entre ellas" (1). Efectivamente, do que aquí se trata non é tanto de atopar as liñas que conforman a estrutura rexional económica como de esmiuzar na medida do posible o papel de clase que xoga a xerarquía neste intre; non caer no bizantinismo de que a Igrexa como tal non é unha clase social, senón de detectar a súa práctica e a súa posición de clase, polo que resulta obvio nas relacións de clase e a nivel do sentido en que nos desenvolvemos, o testemuñar cómo a Igrexa está ao servicio dunha superestructura social, concretamente a oligarquía primorriverista, a través duns intereses, xa non tan inmediatos, entre as clases dominantes e as clases asoballadas. Un segundo factor que sobresae do contido é a posibilidade de testemuñar hasta qué punto a Igrexa, como grupo autónomo dunha estructura social dada, e sen necesidade de controlar a nivel dominante as estructuras do Poder, é capaz de exercer o control da estructura ideolóxica. Esto é tan fundamental que nos facilita que a estructura ideolóxica do Estado cadre ca estructura ideolóxica da Igrexa, ou se se quere que os intereses da burguesía cadren cos da Igrexa. Dito doutra maneira, o piloto da estructura ideolóxica da España aquí estudada, non o é dende a República, non é senón a xerarquía eclesiástica, ou se se quere, que a estructura ideolóxica dominante, é a que exerce a Igrexa.

(1) FIORAVANTI. El concepto de modo de producción. Península.

(1).-ALTHUSSER, L. Para una crítica de la práctica teórica. Madrid, Siglo XXI, 1.974, páx. 24.

Por outra banda, estas estructuras ideolóxicas chegan a imbricarse de tal maneira que se pode chegar a cavilar que entrambas constitúen unha totalidade e unha práctica común. Así se pinta nos labios da burguesía: "téngase en cuenta que nosotros hablamos de las cosas no como siempre, sino como ha querido Dios que fuesen. No cabe duda que el Creador ha dispuesto que haya desigualdad en las fortunas (de los hombres) no sólo para convertir en estímulo el fruto del trabajo, sino para que se ejercitase entre ellos la caridad, que es amor y deber al mismo tiempo" (2).

Pra Brenan a Igrexa fora un dos piares de forte achego da ditadura e deliberadamente identificou os intereses da ditadura cos da relixión católica. Pra Ramos Oliveira o dilema que se lle presenta a Igrexa é o de decidirse por ser unha Igrexa pobre ou unha Igrexa opulenta. "La Iglesia prefirió la opulencia y esa es la nota que la cualifica al advenir el nuevo Régimen" (3). Como é sabido, "El golpe de Estado del 23 extiende el certificado de defunción de un cuerpo sin vida: el seudoparlamentarismo de la Restauración, viciado de caciquismo, paralizado una y mil veces por grupos de dentro y de fuera del Estado. Pero el cambio que se opera en septiembre de 1.923 es una modificación en la forma de ejercicio del poder, pero no una modificación del poder mismo" (4).

O que significa en derradeiro termo é que as prácticas de clase da Igrexa, non solamente non se modificarán tocante á etapa anterior, senón que tenderán a acentuarse a nivel de control da estructura ideolóxica, máis tendo en conta que o proceso histórico da Ditadura,

(2) JUTGLAR, A. Ideologías y clases en la España Contemporánea, Cuadernos para el Diálogo, nº 120.

anque frolindo economicamente, sólo repercutirá a favor da oligarquía e, pola contra, acrecentará as diferenzas de clase e a depauperación do proletariado.

A chegada da II República pon de contado en tela de xuicio o papel que debe tocarlle a Igrexa na construción dunha sociedade democrática, atacando directamente os intereses desta. Chegou a hora de tomar unha clara conciencia de clase e de establecer as oportunas alianzas históricas, por unha banda, e as obvias conspiracións, por outra.

Non é aquí o sitio nin o intre de debuxar os erros políticos nos que puido caer o goberno de Azaña tocante a reducir os poderes da Igrexa. Durante o primeiro bienio republicano a Igrexa pareceu "esclerotizada" pola sorpresa do cambio, se ben se configuran os primeiros esforzos dunha práctica de clase encamiñada, senón a organizarse, si polo menos a rexeitar o golpe.

O 14 de xuño de 1.931 detense ó cardenal Segura e expúlsase de España, por publicar unha pastoral que trataba de mentalizar ós católicos cara ó novo réxime. Máis tarde, o 14 de Agosto, son intervidos uns documentos que maniobraban contra a seguridade do Estado, polos cales a Igrexa trataba de poñer a salvo os seus bens particulares (5). É a primeira alancada.

No segundo bienio a Igrexa espera

(3) RAMÍREZ JIMÉNEZ, M. Los Grupos de Presión en la 2ª República Española. Tecnos, pp. 194-195.

(4) TUÑÓN DE LARA, M. Historia y Realidad del Poder. Cuadernos para el Diálogo, p.115.

(5) RAMÍREZ JIMÉNEZ, M. Op. Cit., p.204.

comenza a orgaizarse coscientemente diante do perigro que se cierne sobor dela e as alianzas perfilanse agora con toda nitidez: nas Cortes aparecen os Tradicionalistas fortemente relixiosos, o grupo de Renovación española, igualmente católico, e la Ceda, cunha postura común á labor de Gil Robles(6).

Toda unha máquina superestrutural se pon o seu servizo. A Acción Católica, a maneira dunha gran Central Sindical, xunta 6o católicos e amaña a partir dela os seus cadros, hasta o punto de que elementos da élite do poder sairán dela. Parallamente escomenza a sobresair l'Asociación Católica Nacional de Propagandistas: son, no máis puro senso da verba, grupos de presión ao servicio dunha superestrutura ideolóxica. Noutro senso, o estreitamente político, a Igrexa argalla a Acción Popular e, derradeiramente, non podemos esquellá-lo serio papel xogado polos Sindicatos Católicos -dos que falaremos-, os Círculos, e os Institutos Sociáis Católicos (7).

Na realidade -e como confesaría Azaña- son a suma destas forzas as que provocan a saída do goberno da esquerda e poñen á dereita no poder.

Emperoso o proceso desta prática de clase non é liñal, ouservado a nivel da xerarquía eclesiástica: nun primeiro intre -concretamente en maio do 1931- "son varios los prelados que recomiendan desde los boletines episcopales el acatamiento al poder constituído... un mes más tarde, sin embargo, los metropolitanos españoles dirigen por carta al Jefe del Gobierno enumerando las transgresiones sufridas... la carta de los Metropolitanos quedó

(6) RAMIREZ JIMENEZ. Op. Cit. p. 207

(7) RAMIREZ JIMENEZ. Op. Cit. p.p. 214-218

sin respuesta, polo que, seis meses máis tarde, o episcopado español, coñecidas xa as medidas do goberno de Azaña, fixo pública unha pastoral colectiva dando instruccións ós católicos..." (8).

Hasta qué punto a estructura rexional ideolóxica pode trocar noutras estructuras rexionais da superestructura, demóstralo o feito de cómo a partir dela se pode ir a un estreitamento ideolóxico modificando de feito a estructura do Poder.

Hasta aquí o plantexamento do contexto histórico a nivel do proceso de práctica de clase. De agora trataremos de afondar no problema concreto da concepción da loita de clases, no que o pensamento ideolóxico da xerarquía se mostra rico e complexo: connotativo de íntimas contradiccións.

Pra elo resultarános ilustrativo esbozar o proceso das relacións capital-traballo, o seu acrecentamento nunha clara loita de clases, o parellamente a postura superadora da xerarquía a través dunha teoría do arranxo absoluto, pra trocarse de contado por unha teoría obviamente encamiñada á toma das posicións primixenias.

(8) RAMÍREZ JIMÉNEZ, M. Op. Cit., p.p. 214-218.

3.2. AS RELACIÓNS CAPITAL-TRABALLO.

Se pasamos ao plano do narrador-observador, ao plano dunha Igrexa que se expresa a si mesma a través dos boletíns, atopámonos en primeiro termo cunha concepción xerárquica do mundo, das relacións entre os homes, nunha sociedade fundamentalmente constituída pola división do traballo e inapelablemente dirixida polo capital.

Neste senso, o seu pensamento garda íntima relación cunha concepción do mundo, que, se se nos permite a elipse histórica, estaría moi ben reflexada nas verbas daquel historiador medievalista, chamado Guizot: "Dios ha creado el pueblo bajo para trabajar...ha creado el clero para los ministerios de la fe y ha creado la nobleza para realzar la virtud y administrar la justicia, para ser con los actos y costumbres de sus distinguidas personas el modelo de los demás" (9).

Nin que dicir ten que a burguesía suplantou e asumiu os valores daquela nobreza feudal y cristiá, e que, por outra banda, a Igrexa sanciona con bos ollos.

Levando esto ao contexto da Ditadura e, máis concretamente, ao período de transición de Berenguer, atopamos un significativo texto do Bispo de Tuy, no que ficcan perfectamente debulladas as coordenadas sancionadoras da división do traballo: "obreros y obreras del campo o del taller o de la fábrica o del comercio o del mar, la paz del

(9).-HUIZINGA. El Otoño de la Edad Media. Rev. De Occ. P. 92

Señor descienda sobre vosotros y sobre vuestra condición de paz de salud y de gracia de Dios para vosotros y vuestras esposas y vuestros hijos, ¡Quién nos diera poder hacer por vosotros todo lo que el corazón nos pide! Y los mismos sentimientos paternales llenan nuestro corazón respecto a los patronos. Sobre los patronos descienda la paz del Señor, que es orden cristiano, orden muy divino, y muy humano..." (10).

Esta primeira manifestación da xerarquía ponnos diante de dous feitos incontrovertibles: a aceptación dunhas relacións de produción social xerárquicas, en virtude dun orden sancionado por tradición divina -o que por outra banda nos informa encol da concepción monárquica do Estado na estructura ideolóxica da Igrexa- e, segundo, a asunción de feito da existencia das clases sociais, que en definitiva nos facilitarán a comprensión das contradiccións de clase en que se ve sumida a Igrexa.

Pero esta concepción xerárquica da sociedade esixe á súa vez unha xustificación do traballo a que se ven sometidas as clases máis desposuídas da sociedade: "Ciertamente que al obrero, al labrador,...le bastará para domar sus pasiones la natural mortificación, acatamiento y cansancio que de esas fatigas resulta, con tal de que a Dios nuestro Señor las ofrezca con espíritu de fe, afectos de religiosa conformidad con la muerte...y no se desborde, como por desgracia tantas veces sucede, en quejas estúpidas, imprecaciones y blasfemias contra el divino Señor, de quien recibe...el pan que come y la salud que disfruta

(10) B.O.O.T. LXXI. 1.930. pp. 274-275.

y la vida que conserva y la familia que ama, y tantísimos otros bienes de que ni acordarse es posible" (11).

De todo elo coleximos: que primeiro, o traballo do obreiro é santificado e sublime; segundo, que a Igrexa se comprace e se honra da mortificación física dos traballadores, pois é o camiño cara a fe e a salvación. E aínda recorre o Bispo de Ourense nesta pastoral a aquelas verbas de San Pablo: "el que come no desprecie al que no come, y el que no come...no juzgue al que come...". Polo demais o posible sufrimento que acarrea o traballo é produto de cuestións alleas ao mesmo; é a careta do pecado: "Cristo suda sangre en las costumbres privadas y sociales, sangra en los espectáculos públicos en los bailes indecentes, en los cines y teatros, en los cabarets inmorales" (12). A clase obreira, polo visto, non estaba libre desta crise: "Cristo sangra...en donde multitud de obreros olvidándose de las enseñanzas de aquel otro obrero humilde que vino al mundo para romper las cadenas de la esclavitud, no rezan, pero blasfeman..." (12).

Sorprendo a actitude cara ós patróns, concretándose diante dunha lei que esixe a estes, que dean unha hora libre ós obreiros os domingos pra asistir á misa. Ben é certo que o conflito sitúase no contexto da relixión, pero elo (13) non é óbice pra que coidemos que a postura da Igrexa se alonxa da máis mínima xustiza social.

(11) B.O.A.S. Año XCVI (1.929), p. 34.

(12) B.O.A.S. Año LXIX (1.93), p. 29.

(13) B.O.A.S. Año LXX, p. 24.

En ocasións o conflito capital-traballo adquire unha carta de naturaleza tal, que a mesma Igrexa se pon nun dos lados antagónicos das relacións de produción. Sucedeu o día que o vigairo procedeu ó granxeo da igrexa parroquial de Armunia. O conflito comezou ó caer dun dos andamios un dos albanís e quebrar unhas costelas. O albanil demandou ó vigairo esixíndolle tres cuartos do xornal durante trinta e dous días, máis gastos de curación e médicos. Contestou o demandado "alegando falta de personalidad, por no tener carácter de patrono o propietario de la obra...tramitado el juicio dictóse sentencia, en que se absuelve al vicario, debido a que los bienes temporales que a la Iglesia pertenezcan no son cosa privada de los párrocos, ni de los beneficiados, y, menos de los vicarios, sino (de la) facultad suprema del Romano pontífice..." (14). Verdadeiramente sobran os comentarios.

Dunha concepción do mundo xerárquica e dunha ineludible xustificación do traballo pasa a Igrexa á necesidade imperiosa da defensa e respeto pola propiedade privada, ángulo fundamental pra establecer o triángulo xustificador das relacións capital-traballo. O problema cérbase na medida en que a "concienciación" obreira chega ás súas máis altas cotas: é dicir, 1.933. Neste intre sae á luz en Mondoñedo toda unha declaración de dereitos pola cal a propiedade: 1º, é un premio do traballo: a propiedade xurde do traballo coma a froita da árbore; 2º, un estímulo do traballo: éste será máis grande canto máis

(14) B.O.A.S. Año LXIV.1.925, p.p.8-10.

grande sexa a recompensa que por el se acade; 3º, é a condición normal da vida humana; 4º, a maneira axeitada de asegurar ó home o seu pacífico vivir e o da súa familia; 5º, extensión do seu propio ser; 6º, a cristalización dos seus amores e afáns dunha vida austera, laboriosa e honrada; 7º, a escaleira ás veces da nobreza dunha familia; 8º, o mellor acerto da vida; 9º, garantía dunha liberdade individual e familiar; 10º, estimuladora de novos traballos e prosperidades, pra rematar afirmando que "son muchos y muy excelsos los insustituibles bienes que la propiedad produce, para que pueda tratarse su abolición sin la razonable, justa y fervorosa protesta de los más y de los mejores" (15).

As razóns biolóxicas e metafísicas, abundantes polo demais, aínda que non nos interesan, pero sobresaen as razóns de competitividade e de liberdade, dunha maneira sobranceira. Ao aceptar a competitividade de entre os homes, a Igrexa está, ipso facto, descubrindo unha das leis fundamentais do capitalismo, e, por elo, admitindo unha "sui generis" loita de clases. Pedir a propiedade como garantía da liberdade individual e familiar, é negar esta mesma propiedade (á clase obreira) dos medios de produción, é caer na máis parva e flagrante contradición.

Asconclusións aprobadas na Asemblea de cuestións sociais de Mondoñedo en 1.933 constatan, coma si se tratase dun auténtico manifesto, as ideas de integración da clase obreira no capitalismo, ou, se se quere, o desexo que capitalismo e Igrexa teñen sobre delas.

(15) B.O.O.M. Año LXXVI.1.933, p.p.217-215.

Estas conclusións refírense a: 1º, a obriga do patrón a aplicar o salario familiar ou o salario relativo mediante arcas de compensación; 2º, a participación de beneficios que patrón debe aplicar, mais non obrigatoriamente, en concepto de agasallos e non como un dereito; ademais convén a inversión de parte dos beneficios en accións pra facer ao obreiro accionista; 3º, debe fomentar a fundación de cooperativas de produción. Os sindicatos de Empresa formarán Federacións de industria que atenderán ó obreiro no que o sindicato de Empresa non poida acadar, tales como Bolsas de traballo, caixas de paro, etc. (16).

En 1.934 a axitación estendeuse por todo o país, e, por outra banda, non tódalas diócesis falan a mesma linguaxe, máis sexa como sexa, atopamos curiosos documentos onde predomina o oportunismo e un paternalismo merecente de loanza: "desde que apareció el Manifiesto Comunista de 1.847, y, aún antes, la Iglesia, mirando de frente al problema, pidió una alteración de las relaciones entonces existentes entre el capital y el trabajo, hecha en beneficio del trabajador" (17). Pero de contado, cúrase en saúde, ao estigmatizar, sen ningunha distinción, o capitalismo e o comunismo: "la negación de lo espiritual en la economía nos lleva necesariamente a un utilitarismo materialista que borra toda elevación y dignidad en los factores de la riqueza. Entonces se explica el concepto del hombre máquina del capitalismo sin freno, y, por necesaria revancha, la dictadura del proletariado" (18)

(16) B.O.O.M. Año LXXVI (1.933), pp. 214-215.

(17) B.O.A.S. Año LXXIII (1.934), p.p. 142-143.

(18) B.O.A.S. Año LXCIII (1.934), p.p. 190-191.

O conflito capital-traballo trasluce unha meirande confusión nun boletín da mesma diocese publicado dous meses despois. Nel trabúcanse leis históricas con leis xurídicas: "se promulgó la terrible ley de la lucha de clases, que convierte al hombre en enemigo del hombre, hasta el exterminio de la llamada burguesía y de todo poder político creando un estado anárquico"; capciosamente dise "exterminio" onde debería dicirse "desaparición"; e cunha gran ignorancia escóllese o termo "anárquico" polo de "comunista". Deseguida ataca o sindicato revolucionario proféticamente, pois "destruirá la autoridad pública y el ritual, a título de opresores del obrero, pero no será con él más humano"; "el poder del sindicato sobre sus afiliados y sobre la sociedad en la que domine será un avance en absolutismo como no lo ha conocido la historia"; máis diante eríxese en defensora auténtica dos obreiros, pois "el sindicato ...absorbe y menosprecia la personalidad del obrero, no sólo jurídica, sino también moral y económica, para convertirse en elemento de perturbación al servicio de revoluciones políticas o de encumbramientos personales" (19).

En definitiva, e deica agora, unha cousa aparece debuxada: o vampirismo da posesión da verdade. Pero o terreo aínda non se amosa tan movedizo. E a Igrexa, aínda que renqueante, trata de nadar entre dúas augas... pero...

(19) B.O.A.S. Año LXCIII (1.934), p.p. 190-191.

3.3. LOITA DE CLASES

"A medida que se desarrollan las contradicciones de la sociedad, la lucha de clases adquiere un carácter más agudo, hasta que llega un momento en que las clases oprimidas logran apoderarse del poder político y empiezan a destruir las antiguas relaciones de producción. Este proceso, consciente y violento de destrucción de las antiguas relaciones de producción y, por lo tanto de las clases sociales que son sus portadores, es lo que el marxismo denomina revolución social" (20).

Ben, o que a partir de agora observaremos: 1º, que a Igrexa non está disposta a aguantar que as clases oprimidas, en nome das contradicións da sociedade, cheguen a apoderarse do poder; 2º, que en nome diso destrúan as relacións sociais de produción vixentes; é dicir, alteren o orden establecido. A Igrexa nega que este proceso sexa consciente, e vai defender con uñas e dentes a súa posición de clase privilexiada.

É o intre tamén de apertar os vencellos de clase coa burguesía, e, polo tanto, co Poder. Xa en época primorriverista e en virtude das decisións do gobernador de Alicante, que chega a prohibir a representación de Electra por mor a que dea motivos á alteración do orden público, pódese ler nun boletín de Ourense o seguinte: "¿por la misma causa ha prohibido la representación de la obra Cristo Moderno? Esta disposición gubernativa ha sido aplaudida por la gente sensata, y calificada de buena medida para atajar

(20).-HARNECKER, MARTA. Conceptos Elementales del Materialismo Histórico, , Siglo XXI, 1.971, p. 211.

los planes de los perturbadores profesionales de la algarada y de la revuelta, mantener la paz pública y evitar lamentaciones tardías" (21).

Derante o fenómeno da folga, elemento fundamental pra unha comprensión exacta da loita de clases, a Igrexa escolla a solución expeditiva da represión como camiño directo pra establecer o orden: "las huelgas en España han sido reducidas a su más mínima expresión", polo cal se compracía de que: "El Directorio,... ha hecho a España un inmenso servicio, de ahí su fuerza incontrastable"; pois queixábase de que "antes de la llegada al poder del Directorio las huelgas habían llegado a ser una plaga nacional". A Igrexa non lle interesa afondar nas motivacións esenciais da folga: "los movimientos huelguistas revestían un carácter revolucionario y terrorista...los atentados se multiplicaban" e esixe un xuíz sancionador implacable: "y quedaban impunes porque no se encontraba un solo juez que se atreviera a condenar a los asesinos...pues absolvían generalmente a los que comparecían delante de ellos teniéndolos amenazados" (22).

Co gallo da bomba que estoupa na porta do palacio Episcopal o 11 de maio, o Bispo de Tuy expláyase en dous termos fundamentais: un, que a clase obreira non acadou a maioría de idade e que polo tanto os seus actos son inconscientes e obedecen a unha dirección externa: "no queremos desperdiciar la ocasión tan propicia que nos depara el Señor, de exhortar una vez más al apostolado en favor de los obreros pervertidos

(21) B.O.O.O. Año XCII (1.925), p. 48.

(22) B.O.O.O. Año XCII (1.925), p. 224.

y extraviados por las propagandas impías y ateas", e dous: que o orden social é unha prolongación do orden divino do que resulta o orden social cristián, e, por ende, o pacto de tódalas clases sociais: "vamos al caos, si no volvemos a Jesucristo. El es el camino que lleva al verdadero orden social. Dentro del orden social cristiano aquí en la tierra gozaríamos todos, patronos y obreros, ricos y pobres, burgueses y proletarios, de la paz y de la felicidad..." (23).

No ano 1.933, e, só na Coruña, a conflitividade adquiriu tintes verdadeiramente dramáticos, sendo a Igrexa un dos obxectivos fundamentais da contestación das forzas contrarias á mesma: "Ya habían oído antes las iglesias de San Pedro de Cerceda, Santa María de Bermaes, San Cosme de Hoguerosa y otras, las que sufrieron la acción destructora de incendios sacrílegos, ahora hay que sumar: San Pedro de Nos, San Jorge de Lías, Santiago de Sismás, San Juan de Anceis, San Julián de Cela y Santa María de Oleiros..." (24).

(23) B.O.O.T. Año LXXIV (1.933), p.p. 115-120.

(24) B.O.A.S. Año LXXII (1.933), p. 210.

3.4. SUPERACIÓN ARMÓNICA: O PAPEL DA CARIDADE

Vimos que, de feito, á Igrexa lle é practicamente imposible escaparlle o conflito de clase no que se ve sumida; conflito que nas máis das veces raia nunha auténtica e incontrovertible loita de clases. Pois ben, esto non obsta pra que dende unha plataforma puramente ideolóxica, imbricada polo demais nuns obvios intereses de clase, a Igrexa trate de superar toda clase de antagonismos e contradiccións de clase en virtude dunha especie de harmonía cósmica totalizadora: a caridade, potencia de Deus Supremo, coartada maniqueísta, imperecedoiro: "en estos momentos, en los cuales hay tanta división en los espíritus engendrándose insanos nacionalismos, deseos de insanas enemistades, es oportunísimo el recuerdo de los Santos que iluminaron tantos países y tantos pueblos con la luz de su universal caridad" (25).

Cristo convértese tamén en factótum manexable que é capaz de verquer sobre do capital e o traballo "el óleo suavísimo de su amor para que reine la Concordia y la Caridad cristiana y con ella la Justicia, que respeta los derechos de todos, y la prudencia, que modera seriamente las evoluciones sociales" (26).

A crise do 29, que comezou a repercutir en España a fins do 30, converteuse en cobizoso campo de esterco pra sementar brillantes exhortacións. Así o Cardenal primado quéixase da situación precaria en que o obreiro esposto

(25) B.O.A.S. Año LXIV (1.925), p.p.193-197.

(26) B.O.O.T. Año LXXI (1.930), p.p. 274-275.

Non soio á fame senón tamén -e qué intre máis oportuno- "a los peligros de la ociosidad y a las tentaciones de los agitadores y explotadores del pueblo". ¿Qué facer?, pregúntase o descoñecido do Cardenal, a conta do cal está en que "La Iglesia, como Madre solícita y cariñosa, no puede desinteresarse de los muchos y graves peligros que de esta crisis económica universal han de seguirse necesariamente"... A solución surrealista: "nos dirigimos también ahora a todos los católicos españoles para exhortarlos al ejercicio de la caridad cristiana". Pero a axuda non debe abranguer ós católicos do "mundo", senón a aqueles que non se aliñan "a la perversión de las ideas y a la corrupción de las costumbres". Polo demais, anque mova certas dúbidas, afirman que a caridade cristiá "es la mejor salvaguarda y exaltación de la justicia", pero "debe realizarse de una manera específica". En verdade, descoñecemos o que pode entender o Cardenal por "unha maneira específica", única e exclusiva, quizais?

Coida, o mesmo autor, que o paro é o problema máis grave desta crise, e pra elo opta por atallalo ou amengualo "tomando por base un profundo espíritu de justicia y caridad cristiana, no cabe dudar que si los patronos católicos...cumplen puntualmente con el grave deber que la equidad y la caridad nos imponen, de ofrecer y proporcionar trabajo a los obreros católicos, (a tenor do que fai, creríase que os non católicos non son obreiros) no se verán éstos en ningún caso extremo reducidos a la dura necesidad de dar su nombre a organizaciones confesionales o anticatólicas y revolucionarias en las que forzosamente ha de correr grave riesgo su espíritu de piedad,

cristiana, y aún la sagrada fé que heredaron de sus mayores". Luego encárese con patronos "es menester, además, excitar el celo de los amos y patronos católicos para que cumplan con los deberes que la justicia y la caridad les imponen, pues, de lo contrario, no podrán exigir ellos, a su vez, el respeto a sus propios derechos" (27).

Remata pedindo a creación dunha "Bolsa Española de Trabajo" que resolva todos los problemas.

Nesta Folla de oxíxeno pídese, en - de Ourense, á petición da creación dun organismo nacional. O lema da Organización é: "Moralidade e técnica".

O que nesta seguridade parece chocar nos resulton da vacuna da caridade é, sin dúbida, o Bispo de Ourense, que en 1932 publica unha pastoral en col do laicismo: "esa es ta divisa de caridad, el problema social, por pavoroso que sea, quedaría definitivamente resuelto, porque entonces, habiendo caridad, todos seremos hermanos... hermanos en Jesucristo" (28). Non ficaría de todo dibuxada a estrutura ideu-lóxica da Igrexa se non amosásemos -lo pensamento da autoridade máxima desta: o Papa. Pra ó Papa a superación técnica sóio é posible perante a caridade e un pensamento lírico amansador oober do outonada dos homes: "la mano de Dios pesa sobre las cosas del mundo. Todos discuten, todos estudian, todos buscan las causas y los remedios y nadie cuenta con la mano de Dios... La terrible prueba que ha caído sobre

(27) B. O. A. L. LXIX. 1930. p. 449-452

(28) B. O. O. O. XCIX. 1932. p. 45

Hazaña. Que ha visto en estos tiempos arrancadas de su Historia, las más ilustres páginas...desconsagrar la familia y la escuela con verdadera desolación". O Papa alíñase á crise económica internacional e congratúlase de que o seu chamamento á caridade fora acollido con tanto celo.

Precísase tamén de que a Santa Sede ofreceu traballo a 8000 obreiros da construcción (29). O Papa vese precisado a dicir que dende os tempos do Diluvio nunca a humanidade sufriu un azoute máis grande, máis universal e máis terrible. Sinala como causa delo o inmoderado desexo dos bens terrenos, o egoísmo individual e o egoísmo nacional. Visto desta maneira non nos sorprende que declare e aconselle ós probes: "a todos los que se encuentran sin trabajo que ofrezcan a Dios, con igual espíritu de penitencia y con la mayor resignación las privaciones a que se encuentren sometidos y acepten con ánimo confiado, como de la mano de Dios, los efectos de la pobreza, agravada por la estrechez que aflige a toda la humanidad..." (30).

1.934 sinala a vinda da dereita ó Poder, pero non por elo merman as condicións de agudización das contradiccións de clase, e nótase a dubidosa posición sobre do pensamento da Igrexa: "la armonía entre las diferentes clases sociales sufre sensibles trastornos, que, como es natural, influyen en toda la nación y en todos sus elementos y derivados: ¿qué haremos entonces?" (32). A Igrexa, por eso, sabe moi ben que o obxectivo queten que facer. Máis arriba, que queda dito como amañan a reacción.

(29) B.O.O.L. Año LX (1.930), p.p. 100-103.

(30) B.O.A.S. Año LXXI (1.932), p.p. 177-180.

(31) B.O.O.O. Año CL (1.934), p. 56.

.

Polo demais, estes anos marcan a data en que con máis empeño baten ou tratan de bater todas aquelas ideoloxías que se poñen na súa contra. Apóianse na idea de que só eles e soamente eles son os verdadeiros defensores da xustiza social, sobre de todo "desde que comenzaron a generalizarse los lazos de la clase obrera", e coidan que só eles poden erixirse en terceiros polos verdadeiros representantes dos intereses da clase obreira, pois "hoy los obreros se consideran víctimas de sus pretendidos redentores, hoy ya no son libres, ya no pueden romper los lazos que les unen a la gran literatura marxista". E máis adiante: "La Iglesia Católica, en la grave crisis social que atraviesa España, se lanza confiada y generosa a la ardua empresa de resolverla empezando por demostrar a los obreros que, lejos de serle contraria, es su natural protectora ..." (32).

Os enterros reflexan a miúdo o medium pra acadar a superación armónica que tanto desexa a Igrexa, ou, se se quere, o elemento sancionador de conciliación do inconciliable: "siguiendo la tradición, este pueblo orensano, de su acendrado catolicismo y su piedad siempre viva, viéronse las naves de nuestro primer templo completamente llenas de fieles, que asistieron para ofrecer sus oraciones por el eterno descanso de las almas de tantos que rindieron el culto de sus vidas, imbuídos unos por el cumplimiento del deber, y arrebatados

(32) B.O.A.S. Año LXXIII (1.934), p. 142.

otros por las disolventes doctrinas de los apartados del camino de Dios" (33).

Non é preciso desbrozar moito este texto pra caer na conta do que este intento de superación ou de conciliación bate brutalmente ca idea maniqueísta dos homes bos que cumpren co seu deber e outros que se botan a perder apartándose dos camiños de Deus.

Non queremos rematar este apartado sen constatar as utilísimas verbas do Bispo de Tuy que reforzadan todo o que levamos dito deica agora: "por tanto el remedio principal y en cierto sentido definitivo, el remedio único que da eficacia a todos los demás para hacer frente a todos los trastornos y a todos los males que padecemos, consiste en el retorno a Jesucristo, en la sumisión a Jesucristo, plena, total, amorosa, de suerte que su espíritu de amor y de justicia y de paz todo lo informe y vivifique" (34).

(33) B.O.O.O. año LC. 1.934, n. 281.

(34) B.O.A.S. año LXXIII. 1.934, p. 315.

3.5. OS SINDICATOS: GRUPOS DE PRESIÓN

Perante o avance das centrais sindicais autónomas -C.N.T., y U.G.T.- a Igrexa comeza a consider seriamente a posibilidade de ofrecer a súa alternativa histórica á clase obreira: o sindicato católico. Convérte de contado no estandarte ao cal deben axustarse aqueles obreiros que se precíen de católicos. Á súa vez, vai xogar un papel fundamental como grupo de presión que facilita o tránsito e posibilita o paso á Igrexa. Así as dereitas, unha vez que o Estado se alterou a partir do 14 de Abril, volvan ao seu sitio definitivamente.

Pouco denantes da toma do poder por Primo de Rivera, son moitos os elementos católicos que se decatan de que a situación se lles escapa das mans e comenzan a madurar a idea dun auténtico sindicalismo, persuadidos de que os Círculos católicos ficaban rebasados pola realidade do momento.

Había que formar novos sindicatos con novas estruturas de auténtica envergadura nacional si se quería contrarrestar o peso inmenso das centrais socialistas e anarquistas (35).

Nos boletíns aprécianse xa as connotacións lóxicas desta nova situación: "la asociación general para el estudio y defensa de los intereses de la clase obrera, tendrá a su cargo el trabajo de constituir

(35).-VARIOS: . Hª del Movimiento Obrero Cristiano. N.T.- ESTELA p. 222

una Federación o Confederación Internacional de los Círculos católicos de obreros y demás obras tutoriales de las clases trabajadoras, con exclusión de las que tienen como fin la defensa de los intereses profesionales, o sea, los sindicatos" (36).

Destas medidas póstumas da Igrexa pódese pensar que a actitude ideolóxica dos católicos non cadraba aínda coa actitude da xerarquía eclesiástica, ou ben que sería preciso facer un auténtico chamamento apolítico pra establecer, por riba de diferenzas ideolóxicas, a xerarquía. De feito, 1.919 marca o ano definitivo pra unidade dos sindicatos profesionais católicos, aglutinando a máis de 60.000 obreiros católicos, e recolléndose o carácter puro dos sindicatos, pois aínda que non debían ser recoñecidos os de folga, como medios da loita contra os patróns, rexeitan que estean ao servizo dos patróns. Incluso se recoñece a folga como medio lícito de defensa, por poroso que sexa, e ao mesmo tempo, sáese ao paso da contradicción de bautizalos como non políticos (37). Así e todo, estas decisións do primeiro Congreso Nacional de sindicatos católicos non parecen reflectirse enteiramente nos boletíns, como máis arriba quedou sinalado. Por exemplo, en 1.925, o arcebispo de Ourense rexeita o sindicato de Obreiras de la Inmaculada "por negarse a coadunar su local social al común de las asociaciones católicas" (38).

(36) B.O.A.S. Año LXVI (1.927), p. 238.

(37) VARIOS Op. cit., p. 224.

(38) B.O.O.O. Año XCII (1.925), p. 54.

A Santa Sede ratifica a decisión do Arcebispo e obriga as recorrentes a obedecer os mandatos deste. Por outra banda, a esencia mesma do sindicato, é dicir, a defensa dos traballadores frente á intransixencia vertical dos patróns, queda totalmente afastada a un 2º plano nas mans da Xerarquía: "La Iglesia reconoce el derecho de obreros y patronos a constituir sindicatos, y los estima necesarios. Claro que la mayor de las asociaciones de obreros son anticatólicas, por lo que deben formar éstos unos sindicatos católicos, que deben regirse conforme a los principios de la fe y la moral cristiana. Estos sindicatos es preferible que sean mixtos para lograr la unión de patronos y obreros" (39).

Os sindicatos católicos non fixeron un bloque monolítico e desenvolvéronse diferentes tendencias dende que nacen hasta que desaparecen definitivamente no 1.936. No 1.924 constituíuse, a escala nacional, a Confederación de Sindicatos Libres de España que, non sendo especificamente católica, tiña, porén, unha sólida base doctrinal cristiá. No 1.931 chegou a aglutinar a máis de 1.62.000 socios pra rematar por desaparecer coa chegada da República; pero volve a renacer no 1.935 co nome de Confederación Española de Sindicatos Obreros.

Ademais desta agrupación, a Solidaridad de Trabajadores Vascos pódese considerar de posicións máis avanzadas dentro dos sindicatos católicos. Sostén que o capitalismo é contrario á xustiza social. Por outra

(39) B.O.A.S. Año LXVIII. 1.929, pp. 335-368.

banda, decideu non ter capelláns nas súas ringleiras (40).

Mentres tanto a xerarquía vai perfilando na liña do rexeitamento de todos aqueles sindicatos de carácter non confesional. "Los metropolitanos interpretando el sentir unánime de todo el episcopado, creyeron llegado el momento de cumplir con una de sus obligaciones pastorales: la de amonestar al pueblo fiel acerca de la obligación grave de abstenerse de formar parte de esas asociaciones..." (41).

Por unha carta do Bispo de Tui sobre un conflito xurdido na rexión entre os obreiros e patróns industriais, queda perfeitamente delimitada a postura da xerarquía sobre este problema: 1º, a Igrexa recoñece o dereito de entrambos a constituír asociación ou sindicato, pois ve nela un medium pra establecer o orden público; 2º, a columna vertebral a que teñen de cinguirse é a fe e a moral cristiá; 3º, aconsella a creación de asociación mixta, ou corporación pra a superación armónica da loita de clases; 4º, precavénse do perigo de que poidan infiltrarse elementos non católicos; 5º, faise consciente da posibilidade de dignificación do sindicato, de maneira que poida resultar unha boa plataforma de resposta ós conflictos socialistas e comunistas; 6º, en canto á posibilidade de constituír un Cartel Internacional entre

(40) VARIOS Op. cit., p.p. 227-226.

(41) B.O.A.S. Año LXVIII (1.929), p.p. 52-55.

sindicatos católicos e outros, anque recela da ilicitude destes, achégao sempre que "la causa que se quiera patrocinar sea justa y...se tomen precauciones para evitar los peligros que pudieran derivarse de tal marginación" (42).

A Igrexa reafírmase no feito de que este intre -1.930- é grave e vaticina que un porvir pouco claro se cernirá sobre a xente: "los antiguos sindicatos recrudecieron su saña; la formación de otros nuevos...la hora actual podemos calificarla de grave" (43).

E, xaora, unha das principais plataformas de presión é a de participación completa dos católicos, de maneira que a confusión entre a esfera estatal laica e a esfera estatal eclesiástica é total. Preténdese: "1º, sostener, proteger, ayudar e intervenir en todo lo público; 2º, desempeñar cargos públicos y 3º, formar parte de partidos políticos" (44).

Por outra banda, o seu voto constitúe unha plataforma fundamental dos seus intereses, pois dende ela presiona a tódolos católicos para que elixan "en las elecciones con su voto a los candidatos que ofrezcan más garantías para el bien de la religión y de la patria, a fin de que salga elegido el mayor número posible de personas idóneas" (45), e que de seu reflicte unha clara dirección, non exenta de materialización

(42) B.O.O.T. Año LXX (1.930), p.p. 293-335.

(43) B.O.O.T. Año LXXI (1.930), p. 142.

(44) B.O.O.T. Año CXXI (1.930), p.p. 153-154.

(45) B.O.O.T. Año LXXI (1.930), p. 156.

duns fins moi concretos.

No 1.933, ano no que se acentuaron as loitas de clases, a Igrexa semella escoller un vieiro máis radical respecto á función dos sindicatos. En virtude dunha Asemblea de cuestións sociais fíxanse unha serie de cláusulas: 1º, a Asemblea ve a necesidade ineludible de crear un "Frente Único de Todos los Trabajadores Antimarxistas"; 2º, prodúcese unha dicotomía de carácter oportunista canto á funcionalidade dos sindicatos, pois, se por unha banda, se afirma que deben ser políticos en canto "sostenga la necesidad de la sociedad política y las instituciones del Poder en relación con los fines individuales y sociales en armonía con los principios cristianos", por outra, néganse esta consustancialidade en tanto "por sí o por partido que le avale sostenga determinadas soluciones sobre la forma de gobierno, concepción del Estado, propiedad, familia, etc., que afecten a la organización política y social, pero que no se relacionen con la vida del trabajo"; 3º, cráese preciso e urxente o escomezo dunha inxente propaganda católica-social entre a clase obreira; 4º, desgraciadamente aprazase a creación dun xornal adicado a ela, xa que se constitúa a Confederación española de la J.O.C. (46).

Deica aquí quedan delimitadas as coordenadas dunha postura oficial respecto á loita de clases ou ó intento de negación e superación da mesma en virtude das cales sobresaen as incursións no campo da contradición en medida en que as prácticas de clase e a estructura rexional ideolóxica non se corresponden.

(46) B.O.O.M. LXXVI. 1.933. p.p. 222-224.

4. AS RELACIÓNS DA IGREXA CO PODER CIVIL.

INTRODUCIÓN

1.-) Raíces da condena pola Igrexa das liberdades modernas.

É unha traxedia pro cristianismo que a idea duns Dereitos do Home, inviolables e inalienables, se tivese que abrir camiño por medio das Revolucións liberal - burguesas e sobre todo das socialistas.

No século XIX, o catolicismo, vencellado aos intereses do Antigo Réxime, xulgaba as Declaracións dos Dereitos do Home, procedentes da filosofía liberal e da Revolución, como unha cousa absolutamente impía: "Os Dereitos do Home -decíase- son a negación dos Dereitos de Deus". Este mesmo argumento síguese aplicando ás proclamacións de dereitos feitas polo socialismo.

O problema de sempre é o vencellamento da Igrexa aos intereses dos que dominan. No século XIX trátase sobre todo da defensa dun ideario político que permita manter os Estados Pontificios, frear o liberalismo e salvar un número o máis grande posible de restos e institucións do Antigo Réxime, unindo pra isto, sempre que as circunstancias o permitan, a Igrexa ás Monarquías, o Altar ao Trono. Neste senso, Gregorio XVI ten unha notable e lamentable carta encíclica, a "Mirari Vos" ("Admirádevos") -1.832, 08, 15- e que ten aínda por subtítulo: "Contra os errores modernos". Neste nefasto escrito pontificio cualifícanse de "libertades de perdición" as declaracións de dereitos do liberalismo que predican a liberdade de conciencia, a derivación do poder e da soberanía do mesmo pobo mediante o sufraxio universal, a separación da Igrexa e do Estado, etc. Todas estas liberdades son pra o papa "errores pestilentes" e "libertades desenfrenadas".

O papa Pio IX, definidor da "infalibilidade pontificia", na súa encíclica "Nostis et nobiscum", publicada en 1.849, un ano despois do Manifesto comunista, condena os obreiros e "demais xente inferior", por desexar o establecemento dunha nova sociedade, "violando todos os dereitos humanos e divinos". Non nos debe, pois, estrañar que, fronte o liberalismo, camiñe polo mesmo sendero de Gregorio XVI, e se pronunciase en contra del, con dous célebres documentos, promulgados nun mesmo día (1.864,12,08): a encíclica "Quanta Cura" ("Cantos coidados...") que arremete contra tódalas liberdades modernas, e o SYLLABUS, catálogo dos erros contidos nas devanditas liberdades. Pio IX non só ignora a agudeza con que se plantexa, ao longo do século, a cuestión obreira, senón que rexeita as liberdades democráticas do liberalismo como contrarias á orixe divina da autoridade; o Altar e o Trono deben manterse unidos e a Igrexa está obrigada á defensa dos seus privilexios.

2.-) Orixes da ideoloxía do Altar e Trono no pensamento eclesiástico español.

O pensamento pontificio vencellouse en España ás ideas absolutistas da restauración e tivo un primeiro e notable propagandista no terco e fanático Fray Rafael de Vélez (1.777-1.850), bispo de Ceuta (1.817-1.824) e arcebispo de Santiago (1.824-1.850). En 1.818 publicou, en dous tomos, a primeira "Apología del Altar y del Trono", reforzada, máis tarde por unha segunda apoloxía, titulada: "Apología de las Apologías" (1).

(1) Barreiro Fernández, J.R. Ideario político de Rafael Vélez. Hisp. Sacra,25 (1972) 75-107

Está aínda por estudar o influxo ideolóxico de Fr. Rafael Vélez dentro do pensamento eclesiástico español. De todos xeitos, pódese dicir, sin lugar a dúbidas, que en España non existiu un movemento católico-liberal semellante ao francés de Lamennais ou de Mons Dupanloup, bispo de Orleáns, que fixo fronte moi habilmente a Quanta Cura e o Syllabus de Pio IX. En España a minoría eclesiástica e ilustrada non conseguiu formar un corpo de pensamento con capacidade de influencia suficiente pra transformar o inmovilismo tradicional da Igrexa española.

Durante a Ditadura do xeneral Primo de Rivera, a Igrexa española aférrase á vella ideoloxía do Altar e do Trono e vencéllase co Poder político como a hedra á árbore, aceptando a suxeición da Igrexa ao Estado e servindo de incondicional apoio ao programa político da Ditadura. Daí que non poida, despois, entender nada dos plantexamentos da IIa República sobre a separación do Estado e da Igrexa.

4.1) A SUXEICIÓN DA IGREXA AO ESTADO DA DITADURA ACEITADA POLOS BISPOS GALEGOS.

4.1.1') Alianza do Altar e Trono.

Os responsables da Igrexa galega, os bispos das dioceses galegas, manifestaron, dende o primeiro momento do establecemento da Ditadura, o seu incondicional apoio á mesma, embarcando o Clero nesta labor de procurar a maior adhesión ao novo Réxime do xeneral Primo de Rivera, proclamando sempre a vella ideoloxía do mútuo vencemento do Trono e do Altar.

Aparte doutros moitos testemuños, podemos citar, a modo de exemplo e comprobación, a Justo Rivas Fernández, bispo de Dora e Vicario Capitular -sede vacante- do Arzobispado de Santiago que, en resposta á ofrenda do Alcalde desta cidade, feita na catedral o 30 de decembro do 1.923, declara: "España nunca gozó de tanta prosperidad como cuando la gobernaron reyes que ponían a Cristo en su trono y el cetro a los pies del Jefe Supremo de la Iglesia" (2). E sigue, nesta mesma resposta, evocando a idea imperial española, pra rematar dicindo: "La religión ha de dejar sentir su influencia en el individuo, la familia, la corporación, el municipio, en las regiones y en todo cuanto integra la Nación", facendo votos, por último, polo rei Alfonso XIII, o Directorio Militar e o valente Exército que loita na África pola xustiza e a civilización (3). Uns meses antes, este mesmo bispo e Vicario Capitular de Santiago fixera pública unha Circular sobre a concordia e harmonía entre os dous Poderes: Igrexa e Directorio Militar, na que dicía: "Por eso rogamos y encarecemos a todo el Clero diocesano y especialmente al Clero rural, que

2) B.O.A.S., LXIII (1.924) 6.

3) B.O.A.S., LXIII (1.924) 7.

por respeto y amor a la Patria y a la Religión, presten su desinteresada, decidida y eficaz cooperación a la actuación del nuevo Régimen, que, sin parar en sacrificios, se ha propuesto conseguir el exacto cumplimiento de las leyes en consonancia con la voluntad del pueblo, y la purificación de las costumbres, contando, desde luego, con el apoyo de los hombres de buena voluntad y, sobre todo, del Clero general, que, atendiendo tan loable fin, gustoso debe dispensarlo"(4).

Neste mesmo devandito senso, destácase o bispo de Tuy, LAGO GONZÁLEZ, o bispo dos galeguistas románticos que cantara a primavera, as invernías, os toxos e as torres, e que sobre a liberdade dixera:

"Liberdade do corpo non vale, que o corpo é cativo, cantos hay que son libres do corpo e presos do esprito" (5).

Non é de estrañar, pois, que Lago González, Cabaleiro da Orde Militar de Malta, ordenara facer pregarias públicas polo novo Réxime, o Directorio Militar: "Deber es, por tanto, de los buenos españoles, en estos días en que un alzamiento generoso vino a levantar con brazos robustos a nuestra Patria de la decadencia en que se iba hundiendo poco a poco, adherirse a los que se han propuesto salvarla y salvar con ella las antiguas instituciones: la Religión y la Monarquía que constituyen su alma y su corazón. Agrupémonos, pues, en torno de ellos, y, como creyentes y patriotas, oremos, y cooperemos a la restauración de España. No nieguen su auxilio nuestros venerables sacerdotes para cuanto sea compatible con el estado eclesiástico, ni dejen de exhortar a los fieles a que cumplan todas las disposiciones, formen parte de los Somatenes (6) y contribuyan por todos los medios

(4) B.O.A.S., LXII (1.923) 360.

(5) Filgueira Valverde, J., Lago González, Bibliografía y selección de su obra gallega, pág. 34. Ed. Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1.965.

(6) N.D.: Lo subrayado es nuestro.

legítimos a consolidar la obra del nuevo Régimen, que inicia, quizá, una era de gloria y grandeza" (7).

O premio que recibiu Lago González do Ditador foi o Arzobispado de Santiago, do que se fixo cargo nos primeiros meses de 1.924, premio da Ditadura e "groria de Galicia". Alfonso XIII no telegrama que dirixe o Arcebispo Lago, na súa entrada en Compostela (6-IV-1.924), márcalle os seus sentimentos de leal adhesión (8).

4.1.2) A guerra de Marruecos, unha cruzada pros bispos galegos.

O arcebispo Lago esqueceuse da liberdade dos pobos e dos seus mesmos versos, escritos no ano 1.895, nos que dixera, froito do seu impulso xuvenil:

"Ai, fillos de Galicia, erguédevos agora a rescatala; ese non é galego, nin ten o corazón da nosa raza, que a súa nai ve presa en mísera escravitude, e cala" (9).

Agora, renunciou os idealismos xuvenís, recibe o Ditador no transunto do Apóstol, fin de excitar a fanatizar a xente galega e invitala a defender intereses alleos e ir morrer a África, por intercesión do mesmo, en pedirlle, diante do Ditador, ao Santo Xacobe: "caminad, bendecid

(7) B.O.O.T., 63I (1.923) 289-90.

(8) B.O.A.S., LXX (1.924) 101.

(9) Filgueira Valverde, J., O. cit., páx. 41.

aquí la obra de restauración del municipio y de la Nación que Vos habéis emprendido, y tened el celestial acero de Clavijo sobre las huestes que pelean al otro lado del Mediterráneo, para que brille de nuevo el honor español en las cumbres de la Historia" (10).

O vinte de novembro de 1.924 ten lugar na catedral de Santiago un acto, para dar gracias a Deus polos éxitos das armas españolas en Marruecos e pra implorar, pola intercesión do Santo Xacobe, o triunfo definitivo en África. Ao devandito acto asisten tódolos bispos galegos, o Concello de Santiago, autoridades e representantes dos centros docentes e outras corporacións invitadas, facendo o oficio de Pontifical na procesión de entrada e na misa, cantada a toda orquestra, o arcebispo Lago (11). O oito de decembro deste mesmo ano celébranse, tamén na catedral de Compostela, os actos correspondentes ao Día da Pregaria Nacional, pra rogar: -polo benestar e a paz da nosa Patria.

-polo éxito feliz da empresa bélica en África.

-e pola eterna recompensa dos que, como na guerra dos Macabeos, sucumbiron na campaña de Marruecos. Fíxose, ademais, unha colecta pro aguinaldo do soldado (12).

Por si todo o anteriormente feito fora pouco, o arcebispo Lago, contestando á invocación do Alcalde de Santiago (José Díaz-Varela y Losada), feita en nome de Alfonso XIII, na festa da translación do apóstolo Xacobe (30-XII-1.924), manifestouse do xeito seguinte: "y nos, cuando nos rodea la guerra y la ciega noche del error y la impía vanidad de los enemigos de la religión, del rey y de la Patria nos amenazan con

(10) B.O.A.S., LXXX (1.924) 255.

(11) B.O.A.S., LXXX (1.924) 343.

(12) B.O.A.S., LXXX (1.924) 341-42.

catástrofes apocalípticas, El (Santiago) es el que nos ilusiona, caudillo que nos defiende, y esperanza segura de victoria, para que vuelva España a ser brazo derecho de la Iglesia y reina y señora del mundo. Colme, pues, de bendiciones al Ejército que pelea con honor a las órdenes de aquel caudillo que le ofreció su vida y consagra a su obra a Dios por el bienestar de todos" (13).

4.1.3) A Ditadura, Réxime confesional.

A confesionalidade do Estado é unha característica esencial da Ditadura. O Xeneral Primo de Rivera creara por Real Decreto do 10 de marzo de 1.924 unha Junta Delegada de Diezmos, presidida polo cardeal Primado e elixida polo episcopado, que se renovaba cada dous anos, pra presentar os candidatos ás prebendas e beneficios eclesiásticos.

Na Asamblea Nacional do doce de decembro de 1.928, o asambleista Fernando Pérez Bueno, candidato da C.E.D.A., plantexou a separación da Igrexa e do Estado (14), pedindo un cambio radical nas relacións entre os dous poderes, en proveito das liberdades públicas e da independencia da Igrexa, pra que posibles gobernos futuros non comprometan cos seus erros e descrédito -parecía un profeta- a leva a ser vítima e branco das revolucións. Deste xeito, manifestouse unha corrente de pensamento que provocou, en curto prazo, o peche a este respecto do goberno da Ditadura, de xeito que o secretario de San Xoán do ano 1.930 un novo real decreto, presentado polo Ministro

(13) B.O.A.S., LXXX (1.924) 373-768.

(14) Asamblea Nacional. Diario de sesiones. Núm. 33, páxs. 186-191. Madrid s/f

de Gracia e Xusticia, Estrada, acabou-se on referida Xunta de nomeamentos eclesiásticos, pasando istos a pura real designación. No fondo, había tamén un malestar no Clero por asuntos da paga, e a Ditadura rechaza os vellos modos liberales e encamiñase a unha maior suxección da Irexa ao Estado.

4.1.4) Imposición de penas civiles por faltas relixiosas.

A Real Orden do dez de maio de 1924 sobre a meiora das costu-me establece sancionar gubernativamente os feitos de blasfemas (15). Medidas que son acollidas con entusiasmo pólos bispos galegos, se n se pode ver nos seus Boletíns Oficiais Diocesáns. Un Real Decreto do vinte de marzo de 1925 autoriza os gobernadores a impoñer multas hasta un valor de 1000 pst. por actos contra a moral católica (16). A ouservancia do descanso dominical convírtese, así mesmo, nunha le-do Estado. O un de xaneiro de 1928 promulgouse unha especie de códi-go Penal contra os delitos da relixión do Estado (17).

D'acordo coa lexislación denantes esposta, os xueces vense obri-gados a actuar n'iste campo que, en principio, debíalle ser alleo. Por isto, aparecen casos de multas, arrestos e pago das costas, contra pai-sanos por non descubrirse na procesión (18), por non pagar os de-reitos de estola e pé do altar (19), e incluso pólo impago das oblatas cuaresmales, moi sustanciosas en Galicia pr'os párrocos (20).

(15) B.O.O.E., 64(1924)144-45.

(16) B.O.A.S., LXIV(1925)178.

(17) B.C.A.S., LXVII(1923)326-27.

(18) B.O.A.S., LXVII(1923)276-77.

(19) B.O.A.S., LXIV(1925)362-69.

(20) B.O.A.S., LXVI(1927)10-14.

.

4.2) AS COMPENSACIÓNS OFICIAIS A IGREXA POLO ESTADO CIVIL....

O Real Decreto Ley do vinte de agosto de 1924 sobre Presupostos Xerales do Estado librou de tributar a Facenda Pública a tódolos inmobles e fincas urbáns da Eirexa que non estén destinados a algunha industria, a enseñanza retribuída ou a calquer outro fin lucrativo. Embargantes, isto non era nada novo, pois xa estaba establecido nos concordatos vixentes entre o Estado e o Vaticano.

A situación económica do Clero galego non debía ser moi aboiante, posto que non se daban presa no cobro da paga do Estado. O feito de que lle iban chegando o que quitaban dós fieis, está atestiguada pola nota do Habilitado do Clero de Santiago (22,06,1884) na que se queixa de que moitos cregos non se preocupan por remitirlle os recibos-cabeza, firmados, d'as nóminas, cousa imprescindible pra poder cobrálas. Embargantes, o Clero sempre se queixou, durante a Ditadura, de que o presuposto asignado o Culto polo Estado non se revisaba c'on periodicidade necesaria e lles resultaba pequeno. A Ditadura non foi xenerosa n'iste aspecto, mantuvo unha paga módica, pero fixo de cada clérigo un funcionario do Estado mal pagado. Os bispos, con maiores fontes de ingresos, tampouco se preocuparon por plantexar novas formas de sustentación do Clero, igual que acontece hoxe, e o susto levárono c'ando o catorce de outono de 1931 se aprobou o artigo 26 da Constitución da República que establecía a total extinción do Presuposto do Estado pro Clero n'un prazo máximo de dous anos.

N'outros aspectos, como a supresión da enseñanza laica e a imposición nas escolas, a todos os niveles, da enseñanza da relixión, a Eirexa sacou algo de ventaxa, además da lexislación referente o matrimonio, que solo recoñecía o matrimonio canónico.

4.3. OS ENFRENTAMENTOS CO PODER CIVIL AO LONGO DA II REPÚBLICA

4.3.1. ACTITUDE DE RESERVA POR PARTE DA IGREXA.

O 14 de abril do 1.931 supón pra España o comezo dun período de grande importancia. Como di J.M. Castells trátase dun "intento de abrir los cauces adecuados y necesarios para el desarrollo y plena realización de la tardía revolución burguesa española" (21). Un dos piares que viña sostendo o "Antigo Réxime" era a Igrexa e contra dela dirixiranse moitos ataques por parte das novas forzas que neste intre encarnan o poder. Neste senso non debemos deixar de lembrar que a Igrexa chegaba á República plantexando un problema político, pois a Igrexa española habíase afianzado en aberta colaboración coa Monarquía e coa Ditadura de Primo de Rivera.

As relacións de amistade mantidas ao longo de tantos séculos entre a Igrexa e mais o Estado van a prantexar moitos problemas ante a nova Constitución. "Aquella había obtenido una serie de privilegios y una pujanza material, cuya pérdida se iba a confundir fácilmente con un ataque a los sentimientos religiosos" (22). Pero nos primeiros intres da República a postura da Igrexa vai a ser de reserva, de expectativa ante as posicións que se vaian tomando diante dela. Este non enfrentamento no primeiro intre pódeno xustificar pola teoría que sobre o poder civil tiña dado o P. Vitoria, según o cal: "Todo poder público o privado, por el cual se administra la república secular, no sólo es justo y legítimo, sino que tiene a Dios por autor, de tal suerte, que ni por el consentimiento de todo el mundo se puede suprimir" (23) (O subraiado é noso). Como vemos, néganse xa por principio calquer tipo de democracia e, dende logo, o sufraxio universal.

Esta actitude de reserva diante da nova situación política ven dada por unha circular do Arcebispo de Santiago, Fr. Zacarías

(21) CASTELLS, J.M. Las asociaciones religiosas en la España contemporánea, Madrid, Taurus, páx. 378.

(22) TUÑÓN DE LARA, M. La España del siglo XX, Barcelona, Laia, 1.974, pp. 300-301.

(23) CRISÓLOGO, I. Iglesia y Estado, nuevo aspecto, Madrid, Fax, 1.940, páx. 35.

Martínez, onde pide ós seus subordinados acatamento ó novo réxime: "Ésta es también la hora de señalar la conducta que todos debemos seguir en las presentes circunstancias por lo que toca al gobierno que hoy rige nuestros destinos. Le debemos respeto, obediencia y colaboración para el mantenimiento del orden y de la paz interior y exterior y para laborar por el bien y el progreso material y espiritual de nuestra amadísima España. En consonancia con lo que disponen las normas pontificias para la predicación sagrada, no se llevarán nunca al púlpito cuestiones personales o políticas y mucho menos se permitirá que se hagan alusiones directas o indirectas a los defectos o conveniencias de un régimen sobre otro" (24)

No mesmo senso anterior exhíbese o bispo de Lugo, Administrador Apostólico de Mondoñedo, nunha circular do mes de maio: "Los sacerdotes cada uno en su puesto cumplan con las obligaciones de su cargo y absténganse de terciar en las luchas políticas, a tenor de lo que prescriben los sagrados cánones (...). La predicación ha de versar única y exclusivamente sobre la materia que le es propia, no permitiendo jamás hacer alusiones, sean directas o indirectas, al actual estado de cosas ni a personas particulares, desempeñando tan importante ministerio con exquisita prudencia (...). Organicen los párrocos y rectores de Iglesia en la forma que crean conveniente, frecuentes Rogativas públicas, pidiendo a Jesús Sacramentado por mediación de la Virgen María la paz y prosperidad de la Religión y de España. Queda autorizada en estas Rogativas la exposición mayor del Santísimo Sacramento" (25) Nótase xa unha clara condena de que as cousas empezaban a andar mal pra Igrexa.

(24) B.O.A.S., Año LXX (1.931), pp. 247-248.

(25) B.E.O.M., Año LXXIV (1.931), páx. 78.

4.3.2. ENFRENTAMENTO DA IGREXA CO ESTADO. - Como era lóxico a República no seu intento de acabar co estado de cousas anterior vai a lanzar, xa nos primeiros intres, os seus ataques contra da Igrexa, e ésta abandona a súa actitude de reserva pra pasar a un enfrentamento directo contra do poder civil.

Neste enfrentamento as posturas máis taxantes serán: a nivel nacional, a do Primado de España, o cardeal SEGURA; e a nivel rexional, a do bispo de Ourense, monseñor Florencio Cerviño y González.

"Publicado por el Gobierno el decreto que establecía la libertad de cultos en España, el arzobispo de Toledo y primado de España, cardenal SEGURA, dirigió un intenso ataque contra el mismo y contra la obra republicana que empezaba a nacer. Apartándose del compás de espera que los metropolitanos españoles aconsejaron en su primera declaración colectiva de mayo de 1.931(....) El cardenal primado no entendía el nuevo régimen" (26) . "Así estaban las cosas cuando el cardenal Segura, cuyo "alfonsismo" y concepciones teocráticas ya nos son conocidos, publicó en el Boletín Eclesiástico del Arzobispado de Toledo, el 10 de mayo, una violenta pastoral. En ella afirmaba que "la Iglesia y las instituciones desaparecidas convivieron juntas, aunque sin confundirse ni absorberse, y que de esta acción coordinada nacieron beneficios intensos que la historia imperial tiene escritos en sus páginas con letras de oro".

A esto seguía un homenaje a Alfonso XIII, una parrafada sobre "la gravedad del asunto", para concluir que los católicos no debían permanecer "quietos y ociosos" en el momento de elegir

(26) MARTINEZ JIMENEZ, H. Los grupos de presión en la segunda república española, Madrid, Tecnos, 1969, páx 204..

se Cortes constituyentes, sino que debían unirse para defender y lograr que fuesen elegidos candidatos con suficientes garantías de defender los derechos de la Iglesia y el orden social.

Aquello parecía una declaración de guerra y como tal la consideró el ministro de Justicia, en unas declaraciones hechas el día 9/1" (27).

O 14 de xuño o cardeal Segura é acompañado hasta a fronteira e expulsado de España. O mesmo tempo o Goberno solicita da Santa Sede a destitución de don Pedro Segura da Silla Metropolitana de Toledo.

"Pero el 14 de agosto de 1.931 un nuevo suceso iba a revelar otro aspecto de la actividad del cardenal SEGURA y de los motivos del Gobierno para su expulsión. Al ser detenido el vicario general de Vitoria, don Justo ECHEGÜREN, en el instante en que intentaba pasar la frontera de Irún, le son descubiertos unos documentos que pronto la opinión pública consideró como exponentes de una maniobra contra la seguridad del Estado. MAURA concretó diciendo que se trataba de "circulares dirigidas a los obispos, que debía firmar el cardenal Segura, encaminadas a la venta de bienes de la Iglesia y a poner a salvo el producto, lo cual constituía delito de contrabando y defraudación". El Siglo Futuro, al parecer expresamente autorizado por el mismo cardenal SEGURA, aseguraba que este documento era una circular en cuyos párrafos se enumeraban cuestiones. La segunda de las que se citan es el "informe sobre la seguridad de los bienes de la Iglesia en las presentes circunstancias" (28)

Este "affaire" terá o seu fin o 30 de setembro cando o ministro

(27) TUÑON DE LARA, Op. cit., páx. 302.

(28) RAMIREZ JIMENEZ, Op. cit., páx. 204.

de Xustiza poida anunciar que o Papa admitira a dimisión do cardeal, explicando a solución como un triunfo da tendencia máis liberal do catolicismo español, entre cuxos partidarios atopábase o Nuncio do Papa en Madrid, monseñor Tedeschini, e o director do Debate, don Ángel Herrera.

A postura que toma o bispo de Ourense é dun enfrentamento tan radical co poder civil como o do cardeal Segura; Defínese dun xeito que non deixa lugar a dúbidas sobre da súa posición a respecto na pastoral que sobre do laicismo publica no Boletín Oficial do Obispado o 18 de febreiro do 1.932 (a pastoral do episcopado español ante o proxecto de Constitución da República fora publicada o 31 de agosto do 1.931).

Nesta pastoral, monseñor Cerviño, ataca o laicismo do novo estado español dende moi diversos puntos de vista: fai unha serie de partes: o laicismo no orden económico e social, a separación da Igrexa e do Estado, o laicismo na familia, o laicismo na escola, o movemento social, a lastimosa situación na que se atopa a Igrexa española, a enérxica protesta en contra da disolución da Compañía de Xesús, etc.

O bispo de Ourense acusa ó goberno de perturbar folgas e revolucións, e de non saber atopar nin proporcionar ós traballadores o traballo que necesitan pra a súa subsistencia. Acusa ás doutrinas laicistas dos males económicos e industriais que sufre o país sen molestarse en facer un análisis histórico das clases traballadoras antes da chegada da República, cando a alianza Trono-Igrexa reseñaban os males do proletariado con brutais represións por parte do primeiro e con supersticións e oracións por parte da segunda. Da impresión de que monseñor Cerviño non ve ou non quere ver nas medidas que trata de levar a cabo o goberno republicano máis que "un codiciado triunfo del laicismo para la más libre y eficaz opresión de la Iglesia" (29). Os seus ataques van directos contra: "1º) el divorcio preferido y solicitado por cualquiera de los esposos y por jueces civiles decretado; 2º) la concesión de legitimidad de derechos de herencia, para toda clase de hijos, igual para los que no son como para los que son de matrimonio canónico, en perjuicio de ellos en nada, respecto de este particular (deste xeito consideraba ós fillos "non lexítimos" como seres de

segunda categoría, co cal non soio tiñan o desprezo do nacer con pecado orixinal, senón coa lei civil); 3º) la limitación y aun negación de la autoridad paterna para la educación moral y religiosa de sus hijos en oposición o de acuerdo con el Estado laico, quien considera a estos hijos, antes que miembros naturales de una familia (...) pertenencia exclusiva suya, o sea, inculcándoles principios laicos emancipadores de toda sujeción y obediencia a potestad distinta y leyes ateas en las que no se admiten poder ni soberanía superiores a los del Estado" (30). Da a impresión de que o bispo de Ourense vía xa no 1.932 instaurada en España unha ditadura do proletariado ó xeito do que naquel entón estaba a suceder en Rusia, de onde procedían todas as ideas perniciosas pra a "España católica".

Monseñor Cerviño, baseándose nas observacións dun periodista da época, preséntanos as conquistas do laicismo do Estado republicano do seguinte xeito: "Huelgas continuas revolucionarias, asaltos impunes a la propiedad y a las personas, obligado cierre de extensas fábricas de producción, ruinoso estado de la agricultura y ganadería; quiebra y cierre de multitud de industrias; crisis industrial y mercantil; choques y conflictos diarios con agresiones e insultos a la Guardia Civil o al ejército; baja irredimible en los valores públicos y desvalorización y descrédito de

(29) B.O.O.O., Año XCIX (1.932), páx. 34.

(30) Id. páx. 31.

la moneda; general carestía de las subsistencias, sin que el obrero en paro forzoso pueda adquirirlas para sí y para su familia; despoblados los campos; vacías las iglesias; las escuelas públicas sin niños, sin maestros, sin muebles, sin útiles de enseñanza; las cajas de Ahorro sin capital, los Bancos sin crédito; crédito muerto; giro paralizado; turba de jóvenes y adultos sin empleo ni ocupación honrada; inseguridad y desconfianza generales; cerca de medio millón de familias sin trabajo ni recursos y, por último, la ruina y desolación general de la patria..." (31).

Tamén está claro a quen dirixe os seus ataques o bispo de Ourense: atácanse as folgas e crimes dos que pasan fame, do proletariado e do lumpemproletariado, pero de ningún xeito atácase á explotación dos patróns e xefes de empresa, nin moito menos os detentadores das grandes propiedades -¡a propiedade é sagrada, foi dada por Dios!-.

No 1.931, monseñor Cerviño, ordenaba que se fixera un padrón ou censo de verdadeiros crentes ourensáns: "trátase sencillamente de que os presentéis, o remitáis, en la primera ocasión que se os ofrezca una simple firma o tarjeta a vuestros respectivos párrocos, haciéndoles constar que sois los mismos de siempre, católicos perseverantes a cara descubierta y frente erguida capaces de confesar a Jesucristo en todas partes y no avergonzaros de su ley" (32). Con esto parece intentar saber as forzas coas que pode contar á hora do enfrentamento co poder civil, pois según parece non todos os habitantes da súa diocese seguían o camiño que lles intentaba marcar o seu bispo. A Corporación do Concello de Muíños pide a separación da Iglesia e Estado e a disolución das ordes relixiosas: "Escrito del alcalde de Muíños (Orense), transcribiendo, por acuerdo de la Corporación, el adoptado en se-

(31) B.O.O.O., Año XCIX (1.932), páx. 21.

(32) B.O.O.O., Año XCVIII (1.931), pp. 324-328.

sión de 12 de julio de 1.931 pidiendo la separación de la Iglesia y el Estado; que el culto y el clero se sostenga por los creyentes; que los bienes, tanto los eclesiásticos como los regulares, se distribuyan entre las familias más necesitadas, y que se decrete la disolución absoluta y completa de todas las órdenes religiosas (4 de agosto)" (33).

A separación da Igrexa do Estado é pedida por outras asociacións galegas: "Petición de la asociación de agricultores de Parada (Lugo), solicitando la separación de la Iglesia y el Estado, la expulsión de las órdenes religiosas, sobre todo de los jesuitas, y nacionalización de sus bienes, excepto las dedicadas a la beneficencia y la escuela única, "perteneciendo la enseñanza al Estado", entre otras cosas (4 de agosto de 1.931).

Escrito del alcalde de Saviñao (Lugo), transcribiendo el acuerdo del ayuntamiento de pedir la disolución y expulsión de España de todas las órdenes religiosas y la separación de Iglesia y Estado (4 de agosto de 1.931)". (34)

4.3.3. CARTA PASTORAL DO EPISCOPADO ESPAÑOL EN CONTRA DA CONSTITUCIÓN REPUBLICANA.

Esta carta foi firmada por todos os bispos e arcebispos españoles con data do 31 de agosto do 1.931, e supuxo o comezo das hostilidades por parte da Igrexa en contra do Goberno Republicano. A pastoral conxunta ten xa un antecedente o 3 de xuño do 1.931 (35) na exposición de queixas que os metropolitanos españoles fixeran ao Goberno provisional da República. Nel atacábanse as seguintes medidas tomadas polo Goberno:

(33) RAMÍREZ JIMÉNEZ, Op. cit., páx. 227.

(34) Id. páx. 234.

(35) B.O.A.S., Año LXX (1.931), pp. 292-294.

a) Secularización dos cemiterios e separación de Iglesia e Estado.
b) Prohibición ós gobernadores de tomar parte con carácter oficial nos actos relixiosos.
c) Prohibición ó exército de que se manden as acostumadas comisións pra os actos relixiosos.

d) Supresión das catro ordes militares.

e) Privación de dereitos civís á Confederación Nacional Católico-Agraria, precisamente por ser católica.

f) Privación do dereito á Igrexa a intervir no consello de Instrucción pública por medio dos seus prelados.

g) Supresión dos honores militares ó Santísimo Sacramento ó seu paso polas rúas según o uso tradicional da España católica.

h) Prohibición do uso do crucifixo e emblemas relixiosos nas escolas nas que haxa quen se negue a recibir as ensinanzas da Igrexa católica.

i) A liberdade de cultos.

j) As disposicións sobre do tesouro artístico que lesiona os dereitos da Igrexa sobre dos seus propios bens.

Vése claramente que o que a xerarquía eclesiástica intentaba era seguir mantendo a súa primacía sobre do poder civil. Opóñense á liberdade de cultos porque crían que dela derivaríase a súa caída como poder opresor; e polo mesmo atacan o que o Estado non permita a súa participación nos actos oficiais; todo eso será enmascarado coas teorías da orixe divino do poder; "La Iglesia y el Estado son de origen divino(...) A la luz de esta verdad aparece la falsedad de los que dicen que el poder emana de la voluntad libre, individual o colectiva del hombre. Nada más en pugna con el ser mismo de la sociedad humana; pues rechazando a Dios que es el único que puede obligar en conciencia al hombre,

la sociedad humana no diferirá esencialmente de un rebaño. Nada más propenso a la tiranía, porque repudiando el imperio de Dios y la ley eterna, a que deben someterse todas las cosas, la autoridad del Estado, queda erigida en el poder más absoluto, sin límites ni fronteras, ante el cual no hay nada que garantice la libertad del ciudadano ni los derechos inalienables de la familia. Allí no hay más ley que el arbitrio de la mayoría, que es el poder tiránico más temible (León XIII, Enci. Libertad, 20 de junio de 1.888, Acta S. Sedis, 20, 593). Así lo estamos viendo en Rusia y en otras naciones que han desterrado a Dios" (36) (O subraiado é noso). "Por sus fines, Dios ha subordinado el fin del Estado al de la Iglesia. Por tanto, aunque tienen su campo de acción propio e independiente, ante el derecho legítimo de la Iglesia debe ceder el Estado" (37). A Igrexa intenta seguir defendendo o seu dereito a estar no cumio do poder coas mesmas teorías que usaba na Idade Media.

A postura de reserva que tomara a Igrexa no primeiro intre vai a ser unha postura de aberta hostilidade cando se coñeza a situación na que quedaba ante a nova Constitución (¡unha situación igual que o resto das igrexas!) con aquela "bárbara" constitución a Igrexa católica xa non podería seguir facendo adeptos coas mesmas medidas represivas que hasta o momento. "Porque, para decirlo desde el principio, el proyecto de Constitución tiene tan serios inconvenientes que si prevaleciera tal como ha sido presentado, crearía a la Iglesia en España una situación gravísima, que a todo trance es necesario precaver si queremos evitar perniciosísimos males principalmente en el orden religioso y moral, aunque también trascenderían al orden social y aun al mismo orden

(36) REGATILLO, E. El concordato español de 1.953, Santander, Sal Terrae, 1.961, pp. 10-11.

(37) Id. páx. 18.

material" (38).

A pastoral conxunta ataca en primeiro termo, como o peor dos males, o laicismo do Estado. Pero o verdadeiro mal do laicismo estaba na posición na que deixaba á Igrexa católica, e na liberdade na que deixaba ós españois pra escoller as crenzas que estivesen máis de acordo coa súa maneira de pensar: "se negó a la Iglesia el derecho (consecuencia del derecho único de Cristo) de enseñar al género humano, de dar leyes, de gobernar los pueblos en orden a su bienaventuranza eterna. Luego, poco a poco, se asimilaron la Religión cristiana a las falsas religiones y con el mayor descaro la colocaron al mismo nivel de éstas." (39)

A pastoral do episcopado español continúa coa orixe do poder divino pra seguir mantendo a súa posición de privilexiados: o Poder é de Dios, pero na terra os seus representantes son os xerarcas da Igrexa católica, logo é a eles a quen corresponde dirixir o goberno, senón directamente si por medio dos seus representantes segrares sempre e cando non se alonxen das súas doutrinas. Todo o que non sexa poder de orixe divino é froito do ateísmo oficial: "Dase por supuesto que la autoridad emana únicamente del pueblo; y de este postulado del ateismo oficial, encarnado en las democracias sin Dios de nuestros días, derivanse terribles secuelas para el régimen de la sociedad; por lo cual no es extraño que la Iglesia, siguiendo las enseñanzas reveladas, tantas veces haya condenado esas perniciosas doctrinas." (40)

Diríxense ós gobernantes pedíndolles a súa alianza coa Igrexa como único medio de manter a súa autoridade; eles encargaríanse de xustificar todas as medidas de represión e explotación co

(38) B.O.A.S. Año LXX (1931), páx. 362.

(39) Id. páx. 363.

(40) Id. páx. 364.

gallo da salvación eterna e da "cristiá resignación"; e a experiencia demostra, no caso español, que o non aliarse co poder eclesiástico levaba ó fracaso. "No rehúsen los gobernantes de las naciones, decía el actual Pontífice, prestar por sí mismos y por el pueblo el público homenaje de reverencia y acatamiento debido al imperio de Jesucristo si quieren, conservando incólume su autoridad, fomentar y aumentar la prosperidad de la patria" (41) (O subraiado é noso). Sería interesante estudar esa pretendida prosperidade dos países oficialmente católicos da época, pero de antemán pensamos que esa prosperidade máis que dos pobos era dos capitalistas e dos detentadores das grandes propiedades.

A loita en contra da supresión dos seus privilexios exhíbese sen ningún tapuxo nesta pastoral cando citan a León XIII: "Querer que el Estado se separe de la Iglesia sería querer, por lógica consecuencia, que la Iglesia quedase reducida a la libertad de vivir conforme al derecho común de todos los ciudadanos" (42). A condena de calquer tipo de liberdade será unha constante ó longo de todos os ataques que a Igrexa faga ó goberno da República. Dábase conta de que nunha España asoballada ao longo de moitos séculos polo seu poder, a súa posición empeoraría cada vez máis, polo cal só lle quedaba seguir asoballando, e pra eso era indispensable contar co beneplácito do poder civil.

A defensa do dictatorialismo e a negación de calquer tipo de liberdade (ó modo dos xerarcas eclesiásticos: a liberdade é contranatura) exhíbense sen voltas na pastoral cando citan as palabras de León XIII: "De lo expuesto se sigue que en modo alguno es lícito pedir, defender ni conceder la libertad de pensar, de enseñar,

(41) B.O.A.S. Año LXX (1931), páx. 366

(42) Id. páx. 369.

de escribir y de cultos, como si estos actos fuesen un derecho concedido al hombre por la naturaleza. Porque si en verdad la naturaleza hubiera otorgado al hombre estas libertades, existiría el derecho de sustraerse a la soberanía de Dios y no habría ley capaz de regular la libertad humana" (43). As que eles chaman liberdades modernas: liberdade de cultos, liberdade de pensamento, liberdade de cátedra e liberdade de conciencia, son o seu cabalo de batalla, o pecado máis grande no que puido caer a humanidade. Está claro que a xerarquía eclesiástica só podía dominar pola opresión e pra poder exerce-la tiña que contar coa axuda do poder civil, e pra elo nada mellor que seguir coa teoría da alianza do altar co trono.

A pastoral conxunta do episcopado español remata cun apartado dedicado ós deberes dos católicos na hora presente. Entre outras cousas refírense ós representantes católicos nas Cortes: "Los católicos que tienen representación en las Cortes Constituyentes están gravemente obligados de conciencia a propugnar, por cuantos medios están en sus manos, los sacrosantos derechos de la Iglesia, preferidos en el proyecto de Constitución" (44).

Unha vez aprobada a Constitución republicana os ataques da Igrexa ó goberno non rematarán hasta a chegada do bienio dereitista. "La Iglesia exhorta a los fieles a que cifren su mayor anhelo en eliminar de las leyes todo cuanto esté en desacuerdo con los derechos integrales de la Iglesia, y a que se esfuercen para obtenerlos por el ejercicio de todos los derechos ciudadanos y por los medios justos y honestos, procurando, mientras la ley esté en vigor, que sus efectos perjudiquen lo menos posible a los

(43) B.O.A.S. Año LXX (1931), páx. 375.

(44) Id. páx. 377-378.

intereses sagrados y de las almas" (45).

Pola sua parte o arzobispo de Santiago publica unha pastoral que comenza do seguinte xeito:" La guerra a Cristo y a su Iglesia está declarada (...) ¡ Oh católicos españoles¡ la persecución que sufrimos hiy en nustra Patria, para unos es un castigo, prueba o advertencia para otros, y para algunos premio y corona (...) las perscución sectaria es como un despertador de las conciencia católica. Y hemos de decir con toda sinceridad que la persecución la permite Dios para muchos como un castigo y una advertencia" (46). E o Obispo de Ourense queixárase de que a persecución non seca como no que sufriron os primerios cristianos: deseaban mártires pra presenta á opinión pública.

4.3.4. A CONSTITUCIÓN DO 9 DE NADAL DE 1.931.

A Constitución republicán vai a ser atacada dende o primeiro intre pola Eirexa, ela será a que acabe coa atitude de reserva que os xerarcas aconsellaran no primeiro intre. O artigo 3 que facía referencia as relaciñons Eirexa-Estado o o 25 que facía mención específica as asociacións relixiosas, demostranlles que non podían contar co novo goberno pra perpetuar a sua posición que viñan mantendo dende a Monarquía e a Dictadura. A loita comenza, cun parentisis no binomio dreitista, e non terá fina hasta 1.939 en que acaba a guerra.

Os ataque comenzan xa cos debates sobre da constitución o 13 de outono do 1.931, cando o coengo vasco e dioutado Pildain afirmaba "según la doctrina católica, ante una ley injusta cabían tres posiciones perfectamente legítimas: primera, la resistencia activa e legal, y tercera, la resistencia

(45) B.O.A.S. Año LXXII (1933), páx. 230-259.

(46) B.O.O.L. Año LX (1932), páx..

activa a mano armada" (47). E o crego serñor Molina decíada constitución que era "un desafío a la conciencia del país y una invitación a la guerra" (48). A declaración de guerra estaba feita xa cinco anos de adianto.

Nas sesións das Cortes que estudaban o proxecto, o clero vai contar co apoio da minoría republicana, e de todos aqueles que no ano 1.933 acabarían fundidos na C.E.D.A. con Gil Robles á cabeza, que na comisión do proxecto de Constitución dicían nunha das sesións: "Dentro de la legalidad, declaramos nuestra hostilidad al texto constitucional, y si se aprobara consideraríamos abierto un nuevo período constituyente... El artículo 26 es una declaración de absoluto laicismo del Estado... El precepto de la Constitución que disuelve las órdenes religiosas y decreta la nacionalización de sus bienes va contra la esencia de la libertad individual, contra el derecho de asociación y contra el principio de igualdad" (50). Esta postura tamén foi apoiada por Otero Pedrayo que consideraba o proxecto como diverxente do espíritu de España!

Na mesma sesión das Cortes o ministro de Fomento defendía a postura do goberno coas seguintes palabras en contra da actitude daqueles que ían mantendo a institución eclesiástica: "No más abrazos de Vergara, no más pactos de El Pardo, no ás transacciones con el enemigo irreconciliable dos nuestros sentimentos e das nosas ideas... La Iglesia española ha sido políticamente una Iglesia de dominación, que ha tenido cojuzgado el poder civil... La escuela laica es la escuela libre, redimida del influjo teocrático... Las órdenes monásticas non son ilegales, no son asociaciones, ni pueden serlo, y sus fines son antihumanos, y antisociales. La mendicidad y la pobreza que ellas practican son un delito,

(47) RAMÍREZ JIMÉNEZ, Op. cit., páx. 218

(48). Id. Páx. 218

(49) CASTELLS, Op. cit., pp. 400-401.

seguín la legislación civil penal... Los jesuitas, captadores de herencias, aliados da plutocracia, grandes accionistas de los bancos, editores de periódicos reaccionarios, noson compatibles con la revolución española" (50).

As reaccións diante da Constitución, sobre todo ante o artigo 26, non se fan esperar. Castells fala de dúas formas de oposición: unha que consistía na "leal oposición", era a de Alcalá-Zamora e a de Miguel Maura que aínda aceptando as institucións republicanas adoptaban unha postura reformista. A outra facía un ataque indiscriminado en contra da república, facendo da cuestión relixiosa "bandeira de combate"; esta postura acabaría por xuntar a toda a dereita (51). A reacción da Igrexa xa a vimos ó tratar da Pastoral conxunta do episcopado español.

4.3.5. A DISOLUCIÓN DA COMPAÑÍA DE XESÚS

Os ataques do goberno á Eirexa veñen dados na Constitución polos artigos que fan referencia á disolución da Compañía de Xesús, á Ley de Congregacións relixiosas e o problema da Ensinanza, e o presuposto do culto e clero.

A disolución da Compañía de Xesús viña xustificada polo goberno coa lei que dicía que quedaban disoltas todas as ordes relixiosas que impuxeran, ademais dos tres votos canónicos, outro especial de obediencia distinta á lexítima do Estado. Neste caso era a obediencia ó Sumo Pontífice.

O 24 de xaneiro do 1.932 decrétase a disolución da Compañía de Xesús. O principal problema pra o goberno ía a vir en relación coa posesión dos bens da disolta Compañía: "Se establecía que todos los bienes propiedad de la Compañía pasaban a ser propiedad del Estado, el cual debía destinarlos a fines benéficos y docentes (artículo 5º). Co-

(50) CASTELLS, Op. cit., páx. 401.

(51) Id. páx. 411.

mo previa medida cautelar, se ordenaba que a partir de la publicación del decreto no debía realizar la Compañía de Jesús, ni ninguno de sus miembros, por sí o por persona interpuesta, ya fuera a título oneroso o lucrativo, actos de libre disposición de sus bienes propios o poseídos (artículo 3º)" (52). Os bens da Compañía estaban valorados en 200 millóns de pesetas, pero o problema plantexouse á hora de delimitar quen era o propietario correspondente ou a calidade xurídica dos citados bens. O desenvolvemento deste problema estancarase durante a primeira etapa, pero ó longo do bienio dereitista será visto doutro xeito.

As reaccións dos xerarcas da Igrexa ante a disolución da Compañía non se fan esperar, deste xeito o bispo de Tuy publica, o 15 de febreiro do 1.932, unha carta de protesta dirixida ó Presidente do goberno "por la disolución de la Compañía de Jesús y orientaciones anticatólicas del nuevo régimen político" (53). Tamén no Boletín do Obispado de Mondoñedo non se fai esperar a protesta: "No salimos de nuestro asombro de que haya podido sostenerse tal iniquidad, y de que parezca el absurdo moral y jurídico de su motivación, que si para la Compañía vuélvese gloriosa, para el Estado es humillante(...) Inverosímil por su motivo absurdo y antijurídico, la disolución de la Compañía de Jesús, como de cualquier otra Congregación, representa además una violación de derecho, una ofensa a la Iglesia, una ingratitud del pueblo español y un daño considerable para la paz civil de la República" (54). E o bispo de Ourense ataca a medida coa súa acritude característica: "Las vejaciones de que ha sido objeto la nobilísima Iglesia española: con la disolución violenta de la Compañía de Jesús, la abolición de la enseñanza religiosa, secularización de cementerios, implantación del divorcio, supresión total, a corto

(52) CASTELLS, Op. cit., páx. 405.

(53) B.O.O.T., Año LXXIII (1.932), p.p. 65.

(54) B.O.O.M., Año LXXV (1.932), p.p. 8.

plazo, del presupuesto de Culto y Clero, expulsión del crucifijo de la escuela y demás leyes atentatorias a los sagrados derechos de la Iglesia" (55).

Tamén a nivel nacional se senten as protestas, o cardeal de Tarragona escribía: "Por decreto ejecutivo del Gobierno se ha aplicado definitivamente a la Compañía de Jesús un precepto constitucional de disolución de Ordenes religiosas y de nacionalización de sus bienes contra el cual protestó ya el Episcopado español en solemne documento colectivo" (56).

4.3.6. LEI DE CONFESIÓNS E CONGREGACIÓNS RELIXIOSAS:

Outro dos ataques por parte da República contra da Igrexa veu dado pola "Ley de Confesiones y Congregaciones Religiosas". Tres apartados contén esta lei: 1º) unha declaración programática, facíase referencia á liberdade de conciencia e de cultos; 2º) establecía a consideración xurídica e o réxime dos bens das confesións relixiosas; 3º) referido exclusivamente ás ordes e congregacións relixiosas, coa intrincada cuestión da educación, con ela no centro.

Os ataques do goberno facían referencia case exclusivamente á Igrexa católica, pois hasta agora as outras estaban practicamente na clandestinidade. Desde este momento o resto dos relixiosos ían a estar na mesma condición xurídica que a católica e eso era o que lles molestaba, pois a lei limitábase a facer efectiva a separación e mutua independencia entre a Igrexa e o Estado, "únicamente el régimen jurídico de los bienes suponía en el Estado una voluntad de control y fiscalización" (57).

Prohibíaselle ao Estado, ás provincias, e ós municipios o favorecer

(55) B.O.O.O., Año C (1.933), páx. 83.

(56) B.O.O.M., Año LXXV (1.932), pp.42-43.

(57) CASTELLS, Op. cit., páx. 434.

ou auxiliar economicamente ás eirexas aociacións e institucións relixiosas.

En canto á ensinanza éralle permitido ás eirexas fundar e dirixir establecemnteos dirixdos á ensinanza das suas respectivas doctrinas e a formación dos seus ministros, sempre baixo a supervisión do Estado pra evitar que dentro de aqueles establecementos non se enseñaran dotrinas atentatorias en contra da República.

As reaccións nos medios católicos ante a lei serxen inmediatamente. Víctor Prader nun mitín celebrado en Madrid proclamaba: "no era admisible la separación de la iglesias y el Estado y que si las leyes del Estado están en abierta oposición con el derecho divino, la resistencia es un deber y la obediencia es un crimen" (58). E o boletín do Obispado de Santiago publicaba en xuño do 1.933:"Esta ley no garantiza, con excepción de los militares, y aun ello subordinado a las necesidades del servicio, solo concede al Estado, con carácter potestativo, la facultad de autorizar la prestación de servicios religiosos en sus dependencias, sujetándolas a doble condición: petición de los interesados y que el Estado aprecie justificada la oportunidad de tales servicios" (59).

As protestas irán contra todas as medidas que supón a leis contra a prohibición de senseñanza española as ordes relixiosas (nas suas mans estaba a maior parte da enseñanza española, e a supresión supoñerá a desescolarización de moitos nemos a pesar das rápidas medidas que foron tomando); contra o laicismo, contra o divorcio, contra o matrimonio civil, e en contra de todo canto supuxese lesión dos prvilexios. A Eirexa prohibía "La asistencia a las escuelas acatólicas, neutras o mixtas, debiéndose

(58) CASTELLS, Op. cit., páx. 444.

(59) B.O.A.S. Año LXXII (1933), páx. 225-228.

Acudir únicamente a las católicas bajo el lema: toda la enseñanza católica para la juventud católica en escuelas católicas" (60).

4.3.7. A SUPRESIÓN DO PRESUPOSTO DE CULTO E CLERO

Esta estaba xa afirmada no proxecto de Constitución do 1.931 cun prazo de dous anos pra ser levada a cabo.

Pero xa en nadal do 1.931 o arcebispo de Santiago, monseñor Zacarías, dirixíase ós párrocos nos seguintes termos: "Deben ir los párrocos explicando a sus feligreses como los obliga ya el quinto mandamiento de la Santa Iglesia, que no ha sido extinguido, sino sólo interrumpido mientras el Estado atendía a sus necesidades, y también han de ir explorando cada párroco a sus más caracterizados feligreses para ver con qué se puede contar" (61). Comezábanse a preparar pra o ataque. Cando fora suprimido o presuposto do Estado os feligreses volverían a verse na obrigación de ter que pagar décimos e primicias, ésta xa era unha maneira de enfrentalos ó goberno.

Dende o primeiro de xaneiro do 1.932 a situación económica da Igrexa parece ir agravándose: "el Estado no abonó nada de las dotaciones del culto, ni la correspondiente al seminario, ni las dotaciones de los obispos, rebaja el 50 % de la dotación del Obispo Prelado, suprime totalmente la partida para la administración y Visita y no da ni un céntimo de la dotación de las vacantes" (62). O mesmo tempo os fieis parecen non estar moi dispostos a cooperar economicamente coa Igrexa pois "las oblaciones de los fieles no son tan cuantiosas como fuera menester" (63).

Coa aprobación do presuposto do Estado para o ano 1.933 a

(60) CASTELLS, Op. cit., páx. 446.

(61) B.O.A.S., Año LXX (1.931), páx. 485.

(62) B.O.O.T., Año LXXIII (1.932), pp. 20-22.

(63) Id. páx. 133.

situación vai a empeorar pois suprímense totalmente as consignacións pra o Culto o Clero católico. Dende agora os católicos terán a obriga de sustentar económicamente ós seus ministros.

Os "quebarantos" económicos da Eirexa comenzarán a solucionarso ó ano siguinete coa toma do poder polas dreitas. Ante os ataques dos medios católicos os republicans ven chegar o fracaso, e o mismo Azaña, ó final do 1.933 víase obligado a confear:"Cada vez que repaso los anales del parlamentariosmo constituyente y quiero discernir dónde se atravesó la cuestión capiltal que ha servido para torcer el rumbo de la spolítica, mi pensamiento y mi memoria van inexorablemente a la ley de Congregaciones Religiosas, al artículo 26 de la Constitución, a la política laica, a la neutralidad de la escuela, a todo lo que se ha derivado de bienes, esperanzas y de rigores de justicia del principio asentado en la Constitución de la República, contra la cual se han desarrollado todas las maniobras visibles e invencibles que han sido capaces de suscitar una reacción contra nosotros para ver si nos hacían naufragar y, por últomo, confesámoslo, nos han hecho naufragar y hemos naufragado" (64).

4.3.8. O BIENIO DEREITISTA. (1.934-1936)

"Cara a alas elecciones parlamentarias, las derechas, prevaleciéndose de una poderosa organización que en manera alguna había poseído en anteriores elecciones, buscaron su programa en torno a un triple eslogan: antilaicismo, antimarxismo y amnistía. Por su parte la jerarquía eclesiástica lanzaba continuos llamamientos dirigidos a la unidad de todos los católicos que en este momento y situación solo podía favorecer a la C.E.D.A. que, como afirma moseñor Pierre Jobit, era una prolongación de la

(64) CASTELLS, Op. cit., p.p. 449-450.

Acción católica; el denominador común de los partidos que formaban la C.E.D.A., cancion: Jackson, significaba la defensa de los sentimientos o intereses católicos contra las actitudes y leyes anticlericales de las costes Constituyentes" (65)

Este período pódese caracterizar por unha serie de feitos como poden ser: a C.E.D.A., as dereitas e a Igrexa fúndense nun bloque e fan fronte común en contra de toda a as medidas tomadas polo Goberno anterior; as melloras económicas que vai a outorgar o clero dende este intre; os cemiterios volven á autoridade eclesiástica. A Igrexa apoiará o Goberno das dereitas; diante da salvaxe represión levada a cabo durante a Revolución de Asturias non tomará ningunha actitude definida.

As relacións coa Santa Sé recoménzanse o 23 de xaneiro do 1.934, no que o Consello de Ministros acordou o nomeamento de Pita Romero pra embaixador de España ante o Vaticano, con intención de negociar un novo concordato. Pero según Castells, "Las reticencias que el Vaticano mostraría respecto de esta tentativa fueron bien significativas" (66).

Como iremos vendo, o bienio dereitista suporá unha mellor situación pra Igrexa: "1.934 connota una amplia revisión, en la cuestión religiosa. En esta legislatura las Cortes votan el pago aproximadamente de los dos tercios de los emolumentos del clero secular, contradiciendo lo dispuesto sobre el presupuesto eclesiástico en el artículo 26 de la Constitución. También aprobaron, con ciertas protestas, una ley por la que se devolvieron algunos bienes confiscados a las órdenes religiosas propietarias; se reducía tácitamente el presupuesto para la enseñanza pública, con la presumible finalidad de entorpecer la acción de aquellas instituciones

(65) CASTELLS, Op. cit., p.p. 450-451.

(66) Id., páx. 452.

en donde era más fuerte la influencia de la Institución Libre de Enseñanza y acabar con la independencia de los inspectores de enseñanza primaria. Igualmente se produjo una parcial devolución de las propiedades confiscadas a los jesuítas" (67).

A postura dos xerarcas da Eirexa galega, millor dito, o cambio de postura diante da nova situación política témolo reflexado nas palabras do arcebispo na sua entrada primeira na Coruña: "Dad al César lo que es del César y a Dios lo que es de Dios" (68), e a continuación agradece ás autoridades e ponse ó seu servizo, cousa que non poderíamos ouvir dous anos antes.

Pero a pesar da subida ó poder das dereitas a Eirexa non podía volver á situación da Ditadura, apoiaban o Goberno, como mal menor, pero seguín insistindo nos seus privilexios: "Las actuales Cortes votaron el día 4 de abril último una ley destinada a reparar en parte el agravio inferido a la Iglesia por la ley de las Constituyentes que suprimió el presupuesto de Culto y Clero, y la despojó injustamente de las asignaciones que venía recibiendo del Estado por obligación estricta de justicia, como compensación por los bienes que le fueron arrebatados en la llamada desamortización del siglo pasado(...) ¿Con esta ley quedan debidamente atendidas las necesidades de la Iglesia? Evidentemente no (...) Y nada da tampoco para una necesidad nueva y urgentísima que no admite aplazamientos: la apertura de colegios católicos y escuelas parroquiales de Religión en las que reciban educación religiosa los hijos de los católicos, preservándolos así de los gravísimos daños que produce la enseñanza laica (...) Por esto, amadísimos hijos, os dirijo la presente Exhortación Pastoral, pa-ra que conozcáis el verdadero estado del asunto y veáis

(67) CASTELLS, op. cit., páx. 454

(68) B.O.A.S., Año LXXIV (1.935), páx. 254

claramente la neceisdad mprescindible de aportar limosnas y donativos que se van a invertir en el culto de Dios y sostenimiento de sus Ministros" (69).

En xuño do 1.935 xa pódese ver polos Boletíns unha orde do Ministerio de Traballo, Sanidade, e Previsión, pola que se permite a práctica do culto relixioso nos establecementos de Sanidade "cuando los asistentes o parte de ellos reclamen la celebración de los actos ordinarios del culto que profesan se accederá a ello" (70).

A medida de conceder a dotación ó clero é inmediata por parte do goberno, e é recollida por todos os Boletíns da rexión: "tendrán derecho a percibir desde el primero de enero de 1.934, en concepto de haber pasivo individual y vitalicio, una cantidad equivalente a los dos tercios del sueldo anual" (71).

A política relixiosa que viña mantendo o goberno atopámola tamén reflexada en moitos outros datos que publican os Boletíns da época. Neste senso temos unha sentenza condenando ó Concello de Vedra (Coruña) a devolver á natureza eclesiástica os cemiterios parroquiales de Anca e Viladouvelle, dos cales "ilegalmente se había incautado" (72)

Tamén mándanlle avisos ós cregos pra que reclamen a indemnización oportuna ós concellos que se habían incautado dos cemiterios parroquiales.

En canto á Revolución de Asturias a única medida tomada pola Eirexa galega, polo menos a única reflexada nos Boletíns, foi a de celebrar "honras fúnebres" polos mortos en Oviedo, á que asistiron, además da representación masiva do clero as autoridades civiles (Ourense e Santiago).

(69) B.E.O.M., Año LXXVIII (1.934), pp. 122-124.

(70) B.O.A.S., Año LXXIV (1.935), pp. 165-166.

(71) B.E.O.M., Año LXXVIII (1.934), p. 61.

(72) B.O.A.S., Año LXXIV (1.935), pp. 155.

En santiago celébrase o primer aniversario da dita revolución coa asistencia do ministro da gobernación Sr. De Pablo e autoridades civiles y militares de Oviedo. Neste ato o bispo de Santigo refiríndose ós mortos parte das forzas gubernamentales como "el blanco preferente de los odios revolucionarios" (73).

4.3.9. O FRENTE POPULAR.

"El pactro que constituyó la conjunción de fuerza que se denominó Frente Popular, el 15 de enero de 1.936, anunciaba el retorno a la política religiosa y laica del bienio constituyente. Era perceptible el planteamiento de la cuestión en torno a las escuelas y colegios religiosos, que seguían funcionando con cierta normalidad. Sin embargo, los republicanos comprendían los daños que se habían inferido a sí mismos con un apolítica formalmente dura en materia religiosa, por lo que decidieron actuar con suma cautela. " (74). La sustitución de la educación religiosa fué axiña afrontada. E en maio, dita sustitución comenzou a facerse realidad.

Diante das eleccións que van a dar o triunfo ao Frente Popular a Eirexa galega toma partido polas dreitas. En Tuy e en Mondoñedo os Boletíns publican circulares ordenandeo rogativas poloa Eirexa e pola Patria ó ter anunciado eleccións xenerales pra un novo Parlamento lexislativo (75). No boletín de Mondoñedo podemos leer:"Ante la proximidad de las elecciones, vreemos llegado el caso de recordar a todos nuestros diocesanos la necesidad imperiosa de acudir a la oreción y al mismo tiempo cumplir cada uno con sus deberes cívicos, puesta la mira en Dios y en el

(73) B.O.A.S., Año LXXIV (1.935), pp. 364-267.

(74) CASTELLS, op. Cit. Páx. 456

(75) B.O.O.M., Año LXXVII (1.936), pp. 37-38.

bien de la Patria.

"El Excmo. Sr. Cardenal Primado, en luminosa Pastoral (...) y otros varios Prelados dan a sus diocesanos la voz de alerta ante las gravísimas consecuencias que para la Iglesia y la Patria y para la existencia misma de la sociedad pueden derivarse, en uno u otro sentido, según el resultado de la actual contienda política.

Cierto que nosotros no podemos considerarnos como enemigos de ninguna clase de hombres (...) pero cumpliremos nuestro deber si no advirtiéramos a todos los que quieran escucharnos que, sin odio para nadie, tienen todos los católicos obligación gravísima de velar y trabajar porque la Iglesia y la Patria encuentren como resultado de estas elecciones aquellos cauces de paz y armonía que hacen próspera la vida de las naciones civilizadas" (76).

A posición da Igrexa diante do comezo da Guerra civil vai a ser dunha reserva total, pero este mutismo rematará co inicio das hostilidades: "La jerarquía eclesiástica evitaba escrupulosamente hacer comentarios de cualquier tipo, silencio que duraría hasta el comienzo de las hostilidades; el Vaticano aceptaba, por fin, como embajador al mismo que había denegado el "placet" en 1.931, Luis Zulueta" (77).

4.4. UN GRUPO DE PRESIÓN: A ACCIÓN CATÓLICA

A Acción Católica ten a súa orixe, como entidade organizada, de Pío XI, que foi quen trazáu as súas liñas principais, pero xa os seus antecesores puxeran os cimentos dela, sobre todo Pío IX.

A Acción Católica é un dos grupos máis poderosos cos que contou a Igrexa católica entre os laicos. Foi definida por ÁNGEL HERRERA

(76) B.E.O.M., Año LXXX (1.936), pp. 27-28.

(77) CASTELLS, Op. cit., páx. 456.

BREBA como "organización para la propaganda de las ideas del Papa y de la jerarquía" (78).

Xa no 1.881 (29 de xaneiro) o cardeal MORENO, precursor da Acción Católica, promulgóu as Bases Constitutivas da Unión dos Católicos de España, na primeira das cales establecíase o oxetivo: "Asociación cuyo único y exclusivo objeto será el procurar la unión de los católicos que quieran cooperar por los medios legales y lícitos a los fines religiosos y sociales" (79).

A sua función definea o P. Mier na obra "Iglesia y Estado" do seguinte xeito: "La Iglesia interviene en la política enseñando la verdadera doctrina sobre la naturaleza y la competencia del Estado, y a la Acción Católica incumbe la difusión de esa doctrina en la sociedad. En cambio, la actuación directa sobre el Estado en orden al estatuto religioso de la Iglesia es función propia y exclusiva de la Iglesia misma" (80). Pra él a Acción Católica é: "a) acción directa e inmediatamente religiosa, en cuanto que el apostolado, como misión esencialmente encaminada a la salvación de las almas, constituye el ápice de toda acción religiosa; b) la organización oficial de la Iglesia para los seglares y, por tanto, organización creada y dirigida en inmediata y perfecta dependencia de la Jerarquía, porque en la Iglesia toda tarea de apostolado sale de la Jerarquía, en la Jerarquía permanece y retorna siempre a ella, dependiendo esencialmente de ella; c) de seglares, o sea, que como organización y actuación de seglares, la Acción Católica constituye un instrumento y una prolongación de la Jerarquía misma para llegar allí donde, por la naturaleza de las cosas o por las condiciones de los tiempos, no puede alcanzar el apostolado sacerdotal" (81).

A pesar da sua definición como organismo puramente relixioso, as suas vinculacións co poder civil non poden ser máis claras no

(78) RAMIREZ JIMENEZ, op. cit. páx. 153

(79) Id. páx. 153

(80) PEREZ MIER, op. cit. páx. 449

(81) Id. pp. 445-446

Que siñifica apoio constante á institución monárquica defendendo ó mismo tempo os seus propios intereses de institución dominadora. Neste senso non é de estrañar o que publica o Boletín de Santiago o 30 de xaneiro do 1.925: "La Junta Central de Acción Católica, con la expresa aprobación del Excmo. Cardenal Primado, ha publicado una patriótica circular contra los intentos revolucionarios y las torpes calumnias con que malos espíritus han querido mancillar el honor de España y de su Rey(...) Propone además que se inicie una suscripción nacional para que en lo alto del cerro de los Ángeles, al pie del monumento nacional del Sagrado Corazón de Jesús, se levante una estatua que perpetúe la figura de Alfonso XIII" (82) (O subraiado é noso). Esto mesmo aparece no Boletín de Mondoñedo do 5 de marzo do 1.925, despois dunha xunta de Acción Católica de la Mujer (83).

E no Boletín de Santiago do 15 de maio do 1.926 díse da Acción Católica que é "el apostolado seglar organizado en una nación, bajo la dirección de la Jerarquía eclesiástica, para la restauración del orden social cristiano según los principios católicos" (84), e este "orden social cristiano", según os xerarcas da Igrexa católica, e como vimos vendo hasta agora, era a negación das principais liberdades humanas e o mantemento das grandes propiedades a pesar da carga asoballante que supoñían.

As bases da Acción Católica foron publicadas o 19 de abril do 1.927:

"1ª) Es una Asociación cuyo único y exclusivo objeto será el de procurar la unión de los católicos que quieran cooperar por los medios legales y lícitos a los fines religiosos y sociales.

2ª) Sus socios tendrán que aceptar las enseñanzas y doctrinas de la Iglesia, tales como aparecen, más especialmente consignadas para este caso, en la Encíclica Quanta cura y en el Syllabus que lo acompaña.

(82) B.O.A.S., Año LXIV (1.925), p. 25.

(83) B.O.O.M., Año LXIX (1.925), p. 37-39.

(84) B.O.A.S., Año LXV (1.926), p. 392.

3ª) La Unión nacida bajo bendición y los auspicios de los Prelados de la Iglesia de España, queda sometida a la suprema dirección e inspección de los señores Obispos, quienes serán además por sí, o por medio de sus delegados, los presidentes natos de las asociaciones que se formen en sus respectivas diócesis.

4ª) Se nombra Presidente general al Cardenal Arzobispo de Toledo.

5ª) Habrá una junta superior en Madrid, Juntas diocesanas y Juntas locales y parroquiales.
6ª) Distribución del trabajo en 7 secciones.

7ª) Fines prácticos: fomento y propagación de la Fe, Óbolo de San Pedro, Asociación de Católicos, Juventudes Católicas, Círculos de obreros, búsqueda de recursos, etc." (85).

No 1.927 celébrase a Primeira Asamblea de Juventudes Católicas de Galicia, cuxas conclusións foron publicadas no Boletín de Mondoñedo do 20 de xullo. A 4ª destas conclusións dicía: "Solicitar de los Poderes Públicos se persigan con extremado rigor todos los vicios sociales que son causa de la degeneración de la raza y de la inmoralidad actual" (86). E no programa pra unión dos católicos seguen pedindo axuda ó poder civil:

"1ª) Que se restrinja la tolerancia religiosa(....) y que se prohíba con igual rigor cualquier escuela no católica.

3ª) Libertad académica de enseñanza en favor de la Iglesia, sin sujeción a centros oficiales docentes.

4ª) Que la instrucción en Universidades, Colegios, sea en todo conforme con la religión católica." (87)

No artigo 11 piden que se prohíba toda asociación non ca-

(85) B.O.A.S., Año LXVI (1.927), páx. 133.

(86) B.O.O.M., Año LXXI (1.927), páx. 123 (O subraiado é noso)

(87) B.O.A.S., Año LXVI (1.927), pp. 399-400.

tólica. Como se ve o carácter elitista da Igrexa católica non necesita ser explicado, pois está moi claro ao longo de todas as súas manifestacións.

A actividade da Acción Católica na nosa rexión ao longo da Ditadura parece ser moi abundante; deste xeito, en febreiro de 1.929 constitúese na diocese de Mondoñedo a Xunta diocesana de Acción Católica (88) e en xullo do 1.929 celébrase en Santiago a Asamblea Gallega de Acción Católica Femenina (89).

Tamén recollen os Boletíns as acusacións que recibe a Acción Católica de ser un pretexto pra encubrir un gran partido político (90). E durante a República a Acción Católica, con figuras tan destacadas das dereitas como Gil Robles, formará algo moi parecido a un partido político: a Asociación Católica Nacional de Propagandistas (A.C.N. de P.)

O carácter de clase da Acción Católica é indudable; neste senso vemos como a Xunta Central de Acción Católica de la Mujer estaba formada por: la condesa de Gavia, la marquesa de Rascal, la marquesa viuda de la Rambla, María Ruiz de Pedrosa de Alarcón e María Codorníu de la Cierva (91).

